



# Barómetro da cultura galega 2023

DOI: 10.17075/bcg.05.2023

## 1. Introducción e metodoloxía

No mes de xullo do ano 2020 o Consello da Cultura Galega publicaba a primeira edición do *Barómetro da cultura galega*. Esta iniciativa xurdiu co obxectivo de sondar a situación das empresas culturais galegas no contexto da crise sanitaria. Porén, esta primeira toma de contacto co sector foi o punto de partida dunha serie de informes, para os que se marcaron retos maiores e que permitiron ir ampliando o universo de estudo e incrementando a capacidade de segmentación ao longo das diferentes edicións publicadas.

.....

A primeira entrega do *Barómetro* centraba a investigación nunha mostra de 303 empresas culturais extraídas dunha listaxe total de 1.318 radicadas en Galicia. As categorías en que se clasificaron as empresas, é dicir, os segmentos que despois permiten observar as diferenzas dunhas empresas con outras segundo o tipo de servizos e produtos que ofrecen, establecéronse en función das actividades consideradas na Conta Satélite da Cultura (CSC) de Galicia. Analizáronse catro grandes grupos de actividade: libros e prensa, artes visuais, artes escénicas, e audiovisual e multimedia. Ademais, creouse unha estrutura de datos de panel para facilitar a comparativa da evolución temporal. O estudo amosaba unha radiografía do estado, a evolución, as necesidades e as perspectivas das empresas culturais e confirmaba que as consecuencias da crise eran graves: un 48,5% das empresas suspendera a súa actividade durante o estado de alarma e un 38,6% solicitara un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE).

En marzo de 2021 presentouse a segunda entrega do *Barómetro* co propósito de dar continuidade á análise un ano despois do comezo da crise sanitaria. Neste caso, contouse cunha mostra similar á do primeiro traballo, cun 79% das empresas que xa participara na primeira edición. Os datos mostraban unha situación menos grave que a que se recollera na primeira edición, cunha actividade empresarial que daba sinais dunha relativa adaptación á «nova normalidade» e que evidenciaba unha certa estabilidade. A aplicación de políticas públicas de preservación do emprego e de investimentos, xunto coas características propias do sector, puido suavizar, en certa medida, os efectos da crise.

A terceira edición do *Barómetro* publicouse no mes de xullo dese mesmo ano 2021 e ampliouse cunha análise sobre as repercusións dos programas de axudas públicas.

No mes de abril de 2022 editouse o *Barómetro da cultura galega 2022*, no que se mostraba o avance da actividade das empresas culturais de cara á recuperación. Esta entrega ampliaba o alcance do estudo ao considerar un universo máis amplo que pretendía abranguer todo o ámbito da cultura. As principais referencias para a delimitación do ámbito cultural foron o Marco de estatísticas culturais da UNESCO, a Rede do Sistema Estatístico Europeo de Cultura (ESSnet-CULTURE), así como as contas satélite da cultura de España e de Galicia. As actividades recollidas nesta última referencia ampliáronse con outras que non estaban incluídas, como

.....

as actividades educativas, de tradución e interpretación, videoxogos e outras actividades informáticas relacionadas coa cultura. Finalmente consideráronse as seguintes actividades: artes visuais (deseño, fotografía, creación artística e de fabricación e comercio de bens relacionados con elas, así como algunhas fases da arquitectura e da publicidade); libro e prensa (incluídas as actividades de edición e de comercio); audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada); patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas; artes escénicas (teatro, ópera, concertos musicais e outros moitos tipos de espectáculos escénicos en vivo) e, por último, a que denominamos interdisciplinaria (actividades de regulación das administracións públicas).

A proporción de unidades de cada sector calculouse segundo o peso que se lles asigna na CSC de Galicia ou, cando esta non o permitía, a CSC de España. Á vez, todas as unidades se clasificaron en empresas, administracións e institucións sen fins de lucro. As fases consideradas dentro de cada actividade foron: creación e produción; fabricación; difusión; distribución e comercialización, e actividades de promoción e regulación. Os resultados dese traballo proveñen das respostas a un cuestionario administrado a un total de 902 representantes de entidades (empresas, asociacións, fundacións, administracións públicas etc.).

Nada máis rematar o ano 2022 deuse inicio aos traballos de campo da última edición do *Barómetro*. Deste xeito, dáse continuidade a unha avaliación sincrónica, pero tamén diacrónica, do estado de saúde da cultura galega dende o punto de vista dos seus axentes fundamentais. Unha das novidades desta entrega é que, ademais de preguntarlles a empresas, administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, incluíuse unha submostra de profesionais autónomos vinculados á produción cultural.

O estudo permite coñecer a percepción das persoas responsables destas entidades sobre a marcha da economía, do sector cultural ou das propias entidades durante 2022, ao tempo que recolle as súas expectativas para 2023. Tamén presta atención a aspectos relevantes como as subvencións e axudas das administracións, a política de investimentos levada a cabo polas entidades, os pasos dados nos procesos de internacionalización e dixitalización, as características do capital humano que compón os cadros de persoal etc. No plano máis puramente valorativo, o estudo somete

ao xuízo dos profesionais da cultura cuestións relativas ás debilidades e fortalezas do sector e ao impacto do Ano Santo 2021-2022.

O cuestionario aplicado no traballo de campo do *Barómetro da cultura galega 2022* introduce algunhas novidades con respecto á enquisa proporcionada en xaneiro de 2021. Por unha banda, elimínanse as preguntas relativas ao impacto da pandemia da COVID-19 na actividade e nos recursos económicos das entidades. Por outra banda, introdúcense novas preguntas relativas aos fondos europeos e ás iniciativas levadas a cabo polas administracións coa finalidade de favorecer a reactivación do sector cultural mediante o estímulo do consumo de produtos e servizos culturais a través de axudas económicas e políticas públicas.

En relación co Xacobeo, ampliouse o ámbito de estudo co fin de coñecer non só o impacto deste evento nas actividades das propias entidades, senón tamén a súa opinión sobre as posibles repercusións desta celebración no conxunto do sector cultural galego, así como de descubrir se as expectativas para as súas respectivas entidades se cumpriron.

Por último, engadiuse unha pregunta relativa á oferta formativa existente en Galicia para acadar os obxectivos profesionais que se requiren nas empresas do sector cultural en Galicia.

Nesta edición realizáronse outro cambios metodolóxicos, como por exemplo a codificación, en categorías pechadas de resposta, dos resultados obtidos en 2022 sobre a análise das debilidades e fortalezas da cultura galega.

A recollida de datos estendeuse entre o 10 de xaneiro e o 24 de febreiro e proporcionou unha matriz de 1.002 casos, é dicir, ampliouse en 100 casos o tamaño do anterior *Barómetro*, o que permitiu agrandar a representatividade estatística tanto do conxunto da mostra como, sobre todo, do nivel da análise por segmentos (segundo a actividade específica da entidade, o volume de emprego, o nivel de facturación, o tipo de entidade etc.). De feito, esta ampliación da mostra permitiu engadir un novo segmento na análise en función do tipo de entidade, que é o dos profesionais autónomos.

A nova mostra deseñouse do mesmo xeito que as anteriores, respectando a achega proporcional dos diversos subsectores de actividade á CSC

de Galicia. Co fin de garantir a presenza, nun número estatisticamente significativo, de todos os subsectores obxecto de estudo, deseñouse unha mostra ponderada na que se garantiu un mínimo de 65 unidades por subsector. En todo caso, e tras as oportunas ponderacións, a base do traballo final queda estruturada como se expón a continuación.

Atendendo á actividade específica, que son conxuntos de actividades con maior detalle que os subsectores, comprobouse que o 31,4% das unidades do estudo se dedica ás artes visuais (deseño, fotografía, creación artística, fabricación e comercio de bens relacionados, arquitectura e publicidade), o 15,1% ao audiovisual e actividades relacionadas, o 10,4% á educación cultural e o 9,9% á edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas. Tras estes segmentos máis destacados sitúanse as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (7,9%), ás artes gráficas e actividades relacionadas (6,2%) e aos museos e actividades vinculadas (4,9%). Os demais segmentos desta clasificación da mostra en función da actividade específica das entidades presentan pesos porcentuais inferiores ao 4%.

#### Entidades segundo a súa actividade específica


	Porcentaxe
Artes gráficas e actividades relacionadas	6,2
Comercio de libros e publicacións periódicas	7,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	9,9
Audiovisual e actividades relacionadas	15,1
Artes visuais	31,4
Música	3,6
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	4,9
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,4
Educación cultural	10,4
Actividades das administracións públicas	3,8
Total	100,0

Fonte: Elaboración propia

En función do tipo de organización, pode observarse que o 71,6% é do eido empresarial (o 55,8% son empresas e o 15,8% profesionais autónomos), mentres que o 15% son organismos da Administración pública e o 13,5% restante, entidades sen ánimo de lucro. Estes datos mostran unha distribución porcentual moi semellante á da anterior edición do estudo, na que lle correspondía ao ámbito empresarial o 70,1% das unidades da mostra, ao

da Administración o 15,3% e ao das entidades sen ánimo de lucro o 14,6% restante.

**Porcentaxe de entidades segundo o tipo de organización**



Fonte: Elaboración propia

En función da facturación (no caso das empresas) ou do orzamento da organización (no caso das administracións e entidades sen ánimo de lucro), e —como era de esperar— a teor dos datos recollidos na pasada edición, volveuse atopar un menor peso porcentual dos segmentos a medida que ascende a contía económica do treito, de modo que un 35,7% das entidades se atopa no segmento de menos de 50.000 euros, un 26,8% no de 50.000 a 149.999 euros, un 21,8% no de 150.000 a 499.999 euros e só un 11,1% no de 500.000 euros en diante. Estes datos presentan valores lixeiramente superiores aos de 2022 nos segmentos máis baixos (con 3,7 puntos máis no segmento de menos de 50.000 euros), o cal pode deberse, en parte, á maior presenza de profesionais autónomos na mostra desta edición e, en parte, á consecución dunha maior participación (a resposta «Ns/Nc» pasou dun 9,2% en 2022 a un 4,6% no actual).



### Entidades segundo a facturación ou o orzamento en 2022

	Porcentaxe
Menos de 50.000 €	35,7
De 50.000 € a 149.999 €	26,8
De 150.000 € a 499.999 €	21,8
500.000 € ou máis	11,1
Ns/Nc	4,6
Total	100,0

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que o nivel de facturación, o volume de persoal tamén achega unha importante información á hora de describir o tamaño das entidades que compoñen a mostra de estudo. En consonancia cos datos relativos ao orzamento, o volume de persoal tamén manifesta un claro predominio das entidades de menor tamaño, pois dúas de cada tres contan con cinco ou menos traballadores no seu cadro de persoal (un 43,8% das entidades conta con só un ou dous empregados/as, mentres que un 23,5% ten entre tres e cinco persoas en nómina). No outro extremo da escala, comprobouse que un 17,2% das entidades entrevistadas conta con máis de dez persoas no seu cadro de persoal.

A presenza de entidades sen ánimo de lucro na mostra, como asociacións ou fundacións, que nalgúns casos non contan con persoal asalariado senón que manteñen a súa actividade grazas á colaboración de voluntariado, dá lugar a que un 2,2% das unidades da mostra careza de persoas contratadas.

Estes datos resultan moi semellantes aos recollidos segundo esta variable na anterior edición do estudo, se ben se pode resaltar un incremento de entre 7 décimas e 1,1 puntos nos dous segmentos de menor volume de persoal e mais a redución de entre 1,4 e 2,1 puntos nos dous restantes. Isto pode deberse, tamén neste caso, á maior presenza na mostra de profesionais autónomos, que frecuentemente ou ben traballan en solitario ou ben contan con cadros de persoal moi reducidos.



**Entidades segundo o número total de traballadores/as (por treitos) a finais de 2022 (incluída a dirección)**

	Porcentaxe
Ningún, só persoal voluntario	2,2
1 ou 2 empregados/as	43,8
De 3 a 5 empregados/as	23,5
De 6 a 10 empregados/as	10,9
Máis de 10 empregados/as	17,2
Ns/Nc	2,4
Total	100,0

Fonte: Elaboración propia

Un último trazo que cómpre analizar nesta descrición da mostra de estudo é o do hábitat de poboación das entidades, variable que permite destacar que máis de seis de cada dez unidades da mostra teñen a súa sede nun municipio urbano (un 63%) e un 15,9% nos concellos de carácter máis rural, é dicir, de menos de 10.000 habitantes. As restantes unidades da mostra distribúense de forma case equitativa entre os dous hábitats semiurbanos (un 10,7% en municipios de entre 10.001 e 19.999 habitantes e un 10,4% en vilas de entre 20.000 e 49.999 habitantes).

**Entidades segundo o hábitat de poboación**

	Porcentaxe
Menos de 10.000 habitantes	15,9
De 10.001 a 19.999 habitantes	10,7
De 20.000 a 49.999 habitantes	10,4
50.000 habitantes ou máis	63,0
Total	100,0

Fonte: Elaboración propia

As variables que se acaban de analizar para coñecer a mostra de estudo serán empregadas como variables de cruzamento ou explicativas na explotación estatística do resto das que compoñen este estudo, é dicir, nunha análise que explore as posibles diferenzas entre segmentos establecidos en función da actividade desempeñada, o tipo de entidade de que se trate, o seu nivel de facturación, o seu volume de persoal ou o tamaño do hábitat en que se sitúe. Para validar a comparación empregouse o estatístico «Anova» na análise segmentada de variables cuantitativas e a técnica do «khi-cadrado» na das variables de tipo nominal, de tal xeito que só se comentan aquelas segmentacións que resulten estatisticamente significativas en función dos parámetros establecidos.

Tras este primeiro apartado, a presente edición do *Barómetro* estrutúrase en oito apartados máis. O segundo recolle a valoración das persoas



representantes das entidades ou empresas culturais sobre a evolución experimentada durante o ano 2022 con respecto a 2021, así como acerca das expectativas de cara a 2023 en catro factores centrais: a economía en xeral, o sector cultural, o segmento de actividade que lle corresponde á entidade que representan e a súa propia organización.

O apartado terceiro céntrase no ámbito dos investimentos das entidades culturais e no acceso destas ás subvencións promovidas pola Administración pública, con especial atención ao grao de coñecemento e accesibilidade dos fondos europeos Next Generation, o impacto destes recursos económicos en 2022 e as expectativas que xeran de cara a 2023.

O cuarto apartado aborda cuestións relacionadas co proceso de dixitalización a través de catro indicadores: publicidade e comunicación; equipamento técnico e software; produción, creación e venda de contidos dixitais, e formación do persoal en transformación dixital.

O apartado quinto indaga nas accións executadas polas empresas e entidades culturais galegas co obxectivo de incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional. Tamén investiga cal é, dentro da súa produción global, o peso porcentual dos produtos/actividades destinados ao público estranxeiro, así como o volume dese público entre a totalidade da súa clientela.

O papel das administracións públicas e a valoración das persoas representantes das entidades ou empresas culturais galegas sobre o apoio daquelas ao sector cultural é o eixe central do sexto apartado. Neste análizase a valoración dos tres niveis da Administración: estatal, autonómica e local, ao tempo que se indaga sobre cales son as principais accións demandadas polas entidades para favorecer de xeito efectivo ao sector. O capítulo inclúe unha valoración do impacto que tiveron os bonos culturais sobre as entidades adheridas a esta medida, así como a súa repercusión no conxunto do sector cultural.

A repercusión do Xacobeo 2021-2022 no sector da cultura en Galicia e na actividade das propias entidades culturais entrevistadas é o tema sobre o que xira o sétimo apartado do informe. Tendo en conta a particularidade da duración desta celebración, que se prolongou ao longo de dous anos, o apartado recolle, por unha banda, o grao de satisfacción das empresas en relación coas expectativas xeradas polo Ano Santo e, pola outra, a opinión

das entidades sobre a posibilidade de estender esta experiencia no futuro, de modo que a programación cultural do evento se inicie xa no ano anterior e se prolongue de novo durante un bienio.

As principais debilidades e fortalezas do sector cultural ao xuízo dos seus responsables abórdanse no oitavo apartado deste *Barómetro*.


O capítulo noveno céntrase no equipo humano das entidades culturais galegas e nel indágase sobre o grao de dificultade para atraer profesionais, a adecuación da oferta formativa en Galicia para satisfacer as demandas do sector e a composición dos cadros de persoal segundo o sexo.

Por último, pechan esta edición do *Barómetro* as conclusións, que recollen os principais achados da investigación.

## **2. Evolución en 2022 e expectativas para 2023 das entidades culturais de Galicia**

As preguntas que recollen a valoración da evolución da economía en 2022 demostran que a percepción das persoas representantes das entidades culturais é notablemente máis positiva no que se refire aos ámbitos específicos que en relación coa economía en xeral. Un 43% das entidades que compoñen a mostra de estudo cre que a situación da economía en xeral evolucionou a mellor ou a moito mellor en 2022, porcentaxe que supera en só 3,3 puntos porcentuais as que emiten unha valoración negativa (evolución a peor ou a moito peor). Este balance é aínda máis positivo no relativo á situación do sector cultural, do propio sector de actividade ou mesmo da situación da empresa ou entidade, onde se observa unha porcentaxe de resposta positiva superior á negativa. Así, sostén que a situación do sector cultural mellorou nalgunha medida un 49,9% das persoas entrevistadas, ao igual que un 48,2% ten a mesma impresión con respecto ao seu sector de actividade e, finalmente, un 52,5% con respecto á súa propia empresa ou entidade. Deste xeito, é na propia situación das persoas entrevistadas na que se percibe unha valoración máis positiva desta evolución.

**Porcentaxe de persoas segundo a valoración da evolución de cada un dos seguintes factores en 2022 con respecto a 2021**



Fonte: Elaboración propia

Se as categorías nominais empregadas para a valoración se observan como puntuacións nunha escala do 1 ao 5, obtense un valor resumo que ten en conta a intensidade destas valoracións e favorece a análise comparativa. Así, a mostra desta edición do *Barómetro* puntúa cun 3 a evolución seguida en 2022 pola economía en xeral, valor que se eleva ao 3,31 no caso do sector cultural, ao 3,27 no do propio sector de actividade e ao 3,39 con respecto á evolución da propia entidade. Se se comparan estes datos cos recollidos na edición do ano pasado, conséntase unha mellor valoración da evolución en 2022 que en 2021, salvo no caso da economía en xeral, xa que nesta edición se rexistra un valor 6 centésimas inferior. No entanto, obsérvanse valores inferiores aos das expectativas que se mantiñan con respecto a 2022. Isto significa que o sector percibe que lle foi mellor en 2022 que en 2021, pero a comparación cos datos recollidos no anterior *Barómetro* manifesta que non lles foi tan ben como agardaban.

**Valoración media da evolución de cada un dos seguintes factores en 2022 con respecto a 2021 (escala 1-5)**

	Evolución en 2021	Expectativas para 2022	Evolución en 2022
A economía en xeral	3,06	3,32	3,00
O sector cultural en xeral	2,98	3,58	3,31
O seu sector de actividade	3,15	3,52	3,27
A súa entidade	3,25	3,57	3,39

Fonte: Elaboración propia



Para a análise segmentada utilízanse igualmente as medias de valoración na escala de 1 a 5 e obsérvase, en primeiro lugar, que a valoración a respecto da evolución da economía en xeral logra as súas mellores puntuacións, en función da actividade específica, entre as entidades dedicadas á música, ás demais artes escénicas e aos museos e actividades relacionadas (valores entre 3,16 e 3,21), puntuación que contrasta co 2,76 rexistrado no ámbito do comercio de libros e o 2,72 das administracións públicas. A situación económica xeral durante 2022 recibe, ademais, mellores puntuacións canto maior é o treito de facturación da entidade (do 2,92 das que non chegaron a 50.000 euros pásase ao 3,28 das que acadaron 500.000 euros ou máis).

A segmentación por actividade específica revela as mellores puntuacións da evolución seguida polo sector cultural en xeral entre as entidades dedicadas ao audiovisual e, de novo, á música, ás demais artes escénicas e aos museos e actividades relacionadas, pero tamén á educación cultural (todas elas con valores por riba do 3,4). As valoracións da evolución do sector en 2022 son mellores entre os organismos da Administración pública e as entidades sen ánimo de lucro (puntuacións de arredor do 3,4) que entre as do eido empresarial (3,29 no caso das empresas e 3,16 no dos profesionais autónomos). Na táboa presentada a continuación pódese comprobar que a práctica totalidade dos segmentos analizados segundo o número total de traballadores/as fai unha valoración positiva da evolución do sector cultural en 2022, coa única excepción das entidades que non contan con persoal, para as que se rexistra un 2,98 de valor medio neste indicador, cando nos restantes segmentos oscila entre 3,10 e 3,54.

Os mesmos segmentos de análise por actividade específica que mellor valoraban a evolución do sector cultural (audiovisual, música e demais artes escénicas, museos e educación cultural) en 2022 volven ser os que puntúan con valores máis altos a evolución do seu propio sector de actividade (valores por riba do 3,4 que mesmo chegan ao 3,72 no segmento das actividades relacionadas cos museos). Tamén neste ámbito o cruzamento por tipo de entidade volve mostrar valores máis altos entre os organismos da Administración pública e as entidades sen ánimo de lucro (arredor de 3,4 puntos) que entre os dous segmentos empresariais (3,21 as empresas e 3,15 os profesionais autónomos). Neste caso, ademais, as valoracións son

.....

máis altas canto maior é o volume de facturación (do 3,13 do segmento máis baixo ao 3,43 do máis alto).

Na valoración da situación da propia entidade en 2022 con respecto ao ano precedente, a análise por actividade específica evidencia a puntuación máis alta por parte das entidades dedicadas aos museos e actividades relacionadas (3,84), pero destacar de novo, con valores por riba do 3,5, segmentos como o da música, a educación cultural e as actividades das administracións públicas. As entidades relacionadas co sector audiovisual seguen a estar, como na anterior edición do *Barómetro*, entre as que emiten mellores valoracións sobre a marcha da súa propia actividade e o seu contexto económico. Nesta ocasión tamén teñen unha valoración positiva as dedicadas á música, que no pasado ano figuraban entre as que achegaban as peores perspectivas. Esta boa percepción da evolución da propia entidade durante o ano que rematou volve ser maior entre os organismos da Administración pública e as entidades sen ánimo de lucro que entre as do sector empresarial, e rexístranse mellores puntuacións canto máis cuantiosa é a facturación ou o orzamento da entidade.

Por outro lado, cabe sinalar as notables diferenzas que se producen nalgúns segmentos entre as valoracións feitas sobre a marcha da economía en xeral e a da súa propia entidade, mesmo por riba das 6 décimas no caso das administracións.


**Valoración media da evolución de cada un dos seguintes factores en 2022 con respecto a 2021 (escala 1-5)**

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O seu sector de actividade	A súa entidade
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,84	3,10	2,81	3,13
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,76	3,14	2,99	3,05
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,98	3,12	3,18	3,27
Audiovisual e actividades relacionadas	3,19	3,47	3,51	3,58
Artes visuais	3,09	3,23	3,14	3,29
Música	3,16	3,54	3,45	3,52
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,18	3,42	3,46	3,40
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,21	3,50	3,72	3,84
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,57	3,24	3,26	3,44
Educación cultural	2,80	3,54	3,49	3,58
Actividades das administracións públicas	2,72	3,41	3,38	3,56
<b>Total</b>	<b>3,00</b>	<b>3,31</b>	<b>3,27</b>	<b>3,39</b>
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	3,06	3,29	3,21	3,34
Profesional autónomo	2,91	3,16	3,15	3,23
Administración pública	2,79	3,45	3,44	3,54
Entidade sen ánimo de lucro	3,11	3,43	3,43	3,56
<b>Total</b>	<b>3,00</b>	<b>3,31</b>	<b>3,27</b>	<b>3,39</b>
<i>Facturación en 2022</i>				
Menos de 50.000 €	2,92	3,22	3,13	3,23
De 50.000 € a 149.999 €	2,97	3,34	3,26	3,36
De 150.000 € a 499.999 €	3,08	3,43	3,42	3,57
500.000 € ou máis	3,28	3,24	3,43	3,60
Ns/Nc	2,74	3,49	3,20	3,32
<b>Total</b>	<b>3,00</b>	<b>3,31</b>	<b>3,27</b>	<b>3,39</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>				
Ningún, só persoal voluntario	2,81	2,98	3,08	3,00
1 ou 2 empregados/as	2,99	3,30	3,16	3,27
De 3 a 5 empregados/as	3,07	3,36	3,34	3,46
De 6 a 10 empregados/as	2,80	3,18	3,09	3,37
Máis de 10 empregados/as	3,07	3,41	3,54	3,63
Ns/Nc	3,22	3,37	3,39	3,33
<b>Total</b>	<b>3,00</b>	<b>3,31</b>	<b>3,27</b>	<b>3,39</b>

Fonte: Elaboración propia

O contraste entre unha peor percepción da evolución da economía xeral durante 2022 e unha visión máis optimista con respecto á situación do sector cultural, o sector de actividade e a entidade propia mantense no caso das expectativas con respecto a 2023. No que atinxe á economía xeral, predominan as respostas de signo negativo, xa que un 36,5% das persoas entrevistadas prevé unha evolución a peor ou a moito peor, fronte a un 34,6% que sostén expectativas positivas. Nos tres ámbitos restantes, en cambio, obsérvase un claro predominio do optimismo, pois confía nunha evolución do sector cultural en xeral a mellor ou a moito mellor un 41,1% das persoas entrevistadas, porcentaxe que ascende a un 42,1% no caso da evolución do sector de actividade e a un 48,4% no da propia entidade (fronte ás respostas pesimistas, que se sitúan por debaixo do 25%).

**Porcentaxe de persoas segundo as expectativas para 2023 de cada un dos seguintes factores**




Fonte: Elaboración propia

De forma coherente, ao analizar estas categorías de resposta como puntuacións nunha escala do 1 ao 5, atópase o seu valor máis baixo na expresión das expectativas con respecto á economía en xeral (2,97), mentres que supera o 3,2 nos restantes ámbitos, con puntuacións máis altas canto máis específica é a realidade pola que se pregunta (3,23 no caso do sector cultural, 3,25 no do sector de actividade e 3,38 no da propia entidade). En todo

caso, pódese constatar que nos catro ámbitos analizados se recollen expectativas para 2023 claramente menos optimistas que as que se recolleran na anterior edición do estudo con respecto a 2022, especialmente en relación coa futura evolución do sector cultural e a economía en xeral (o indicador cae dun 3,58 a un 3,23 de media).

#### Valoración das expectativas de cada un dos seguintes factores



Fonte: Elaboración propia

O cruzamento por actividade específica revela que as expectativas máis optimistas con respecto á economía en xeral correspóndenlles ás entidades que se dedican aos museos e actividades relacionadas (3,14), se ben tamén achegan puntuacións por riba do 3 as dedicadas ás artes gráficas, ás artes visuais e á educación cultural. As que presentan as expectativas máis negativas sobre a evolución da economía en xeral son as vinculadas ao comercio de libros e ás administracións.

As mellores expectativas para 2023 en relación co sector cultural son tamén as que ofrecen as entidades dedicadas aos museos (3,45), acompañadas esta vez das dedicadas á educación cultural (3,38). Estes dous segmentos son así mesmo os que mostran as mellores perspectivas no que atinxe á evolución esperada do sector de actividade (3,57 e 3,45, respectivamente) e das propias entidades (cos tamén respectivos 3,68 e 3,59).

As expectativas con respecto ao sector cultural, ao sector de actividade ou a propia entidade son máis optimistas entre os organismos da Ad-



ministración pública e as entidades sen ánimo de lucro que entre empresas e profesionais autónomos, se ben en todos os segmentos se rexistran valores por riba do 3.

**Valoración media das expectativas para 2023 de cada un dos seguintes factores (escala 1-5)**

	A economía en xeral	O sector cultural en xeral	O seu sector de actividade	A súa entidade
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,00	3,23	2,95	3,14
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,84	3,09	3,11	3,19
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,95	3,13	3,08	3,18
Audiovisual e actividades relacionadas	2,88	3,23	3,34	3,51
Artes visuais	3,04	3,27	3,23	3,39
Música	2,91	3,10	3,25	3,28
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,93	3,04	3,04	3,24
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,14	3,45	3,57	3,68
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,78	3,24	3,37	3,52
Educación cultural	3,01	3,38	3,45	3,59
Actividades das administracións públicas	2,80	3,15	3,28	3,30
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	2,90	3,19	3,14	3,29
Profesional autónomo	3,07	3,20	3,29	3,43
Administración pública	2,99	3,31	3,39	3,50
Entidade sen ánimo de lucro	3,10	3,38	3,46	3,59
Total	2,97	3,23	3,25	3,38

Fonte: Elaboración propia

En canto á facturación ou orzamento, un 47,1% das entidades que compoñen a mostra do estudo manifesta que tivo unha evolución positiva ao longo de 2022, é dicir, aumentou leve ou significativamente con respecto a 2021. A porcentaxe das que manifestan algún descenso mantense nun 21,2%. Ademais, un 29,8% sinala que a súa situación permanece estable con respecto ao ano anterior.

Se se presta atención ás expectativas sobre a evolución que cabe esperar da facturación ou orzamento para 2023, atópase unha porcentaxe de

resposta positiva inferior á da evolución de 2022 (34,8%), pero tamén se reduce de xeito notorio a porcentaxe de entidades que esperan un descenso (16,6%). Consecuentemente, a resposta predominante nesta cuestión é a que prevé estabilidade (43,8%), é dicir, ausencia de cambios na facturación de 2023 en comparación con 2022.

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución da súa facturación/orzamento en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Descenso significativo	5,3	5,4
Descenso leve	15,9	11,2
Estabilidade	29,8	43,8
Aumento leve	33,4	29,0
Aumento significativo	13,7	5,8
Ns/Nc	1,9	4,8

Fonte: Elaboración propia

Estes datos teñen o seu reflexo nos valores medios que se extraen da consideración das respostas anteriores como puntuacións nunha escala do 1 ao 5, de tal xeito que o indicador para a evolución en 2022 se sitúa no 3,35, mentres que a expectativa para 2023 é do 3,20. Ao comparar estes datos cos que achegaba o *Barómetro* do ano pasado puido comprobarse que o incremento producido en 2022 foi superior ao rexistrado en 2021 (3,23), pero inferior ao que esperaban as persoas enquisadas na anterior edición (3,49). Do mesmo xeito, obsérvase que as expectativas para 2023 nesta cuestión son case tres décimas inferiores ás que se tiñan na anterior edición.

**Valoración da evolución da facturación/orzamento das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2021	3,23	1,18
Expectativas para 2022	3,49	0,90
Evolución en 2022	3,35	1,07
Expectativas para 2023	3,20	0,93

Fonte: Elaboración propia

A valoración da evolución dos ingresos durante 2022 rexistra puntuacións medias por riba do 3 en todos os segmentos da análise por actividade específica. Acádanse os valores máis elevados entre as entidades dedicadas á música (3,74), ao audiovisual e actividades relacionadas (3,60) e mais ao teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (3,58). Tamén se supera o 3 en todos os segmentos do cruzamento por facturación, pero con valores máis elevados canto maior é a contía económica que describe o segmento (do 3,09 da máis baixa ao 3,76 da máis alta). En canto

ao cruzamento por volume de persoal, a valoración da evolución da facturación ou orzamento mantense preto do 3 entre as entidades sen persoal contratado (2,99), pero supera amplamente esta cifra nos demais segmentos e mesmo rolda ou alcanza o 3,5 nos dous treitos máis altos.

En canto ás expectativas para 2023, o cruzamento por actividade específica volve mostrar valores por riba do 3 en todos os segmentos, con diferenzas entre segmentos que non acadan as catro décimas, pois oscilan entre o 3,03 das artes gráficas e os valores arredor do 3,37 das entidades relacionadas cos museos. As diferenzas son tamén mínimas en función das restantes variables de segmentación.

**Valoración media da evolución da facturación/orzamento das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,52	3,03
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,16	3,16
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,28	3,14
Audiovisual e actividades relacionadas	3,60	3,35
Artes visuais	3,27	3,21
Música	3,74	3,11
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,58	3,11
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,44	3,37
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,24	3,23
Educación cultural	3,09	3,06
Actividades das administracións públicas	3,45	3,28
<b>Total</b>	<b>3,35</b>	<b>3,20</b>
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	3,41	3,12
Profesional autónomo	3,31	3,35
Administración pública	3,23	3,21
Entidade sen ánimo de lucro	3,29	3,31
<b>Total</b>	<b>3,35</b>	<b>3,20</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	3,09	3,23
De 50.000 € a 149.999 €	3,47	3,21
De 150.000 € a 499.999 €	3,47	3,15
500.000 € ou máis	3,76	3,27
Ns/Nc	2,98	2,93
<b>Total</b>	<b>3,35</b>	<b>3,20</b>


<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	2,99	3,32
1 ou 2 empregados/as	3,27	3,14
De 3 a 5 empregados/as	3,35	3,27
De 6 a 10 empregados/as	3,50	3,18
Máis de 10 empregados/as	3,48	3,20
Ns/Nc	3,54	3,43
Total	3,35	3,20

Fonte: Elaboración propia

No relativo ao volume de emprego, o 68,9% das empresas e entidades enquisadas sinala unha situación de estabilidade en 2022 con respecto ao ano anterior. Entre as respostas que indican cambios, son claramente máis numerosas as que describen un incremento do volume de persoal (19,7%, fronte ao 7,5% que apunta algunha redución).

Esta distribución mantense con lixeiros cambios na expresión das expectativas para 2023, pois un 73,8% da mostra non prevé cambios, mentres que un 14,7% estima que poderá incrementar o seu volume de persoal e un 7,5% considera que terá que reduci-lo.

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución do volume de emprego (número de traballadores/as) en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**



Fonte: Elaboración propia

O predominio da estabilidade no volume de emprego volve quedar claro na análise das respostas con puntuacións nunha escala do 1 ao 5, ao situarse arredor do 3 —que é a cifra que identifica a estabilidade— tanto a valoración da evolución durante 2022 (3,15) como as expectativas para

2023 (3,08). Estes valores indican que a evolución do emprego nas entidades da cultura galega en 2022 foi lixeiramente mellor que durante 2021 (2,99) e, aínda que se mantivo moi preto das expectativas que se tiñan ao respecto (3,19), finalmente foi levemente inferior. Tamén se constatan expectativas para 2023 unha décima máis contidas que as de 2022.

**Valoración da evolución do volume de emprego (número de traballadores/as) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2021	2,99	0,72
Expectativas para 2022	3,19	0,56
Evolución en 2022	3,15	0,70
Expectativas para 2023	3,08	0,59

Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica pon de manifesto que as entidades dedicadas ao audiovisual e actividades relacionadas constitúen o segmento con valores máis altos en relación coa evolución do seu volume de persoal durante 2022 (3,32), aínda que tamén destacan as dedicadas á música e ás demais artes escénicas (valores de arredor do 3,20). Só as entidades dedicadas ás artes gráficas e actividades relacionadas achegan unha puntuación media desta evolución inferior ao 3 (2,87), é dicir, presentan unha evolución negativa en relación co volume de emprego.

Ao analizar este indicador dende a óptica do tamaño das entidades por volume de facturación/orzamento, pode comprobarse que a media resultante é maior canto maior é o nivel facturación da entidade: do 3,01 das que non chegan aos 50.000 euros ao 3,36 das que acadan ou superan os 500.000 euros. Isto indica, polo tanto, que existe unha maior probabilidade de incremento no volume do seu persoal entre as empresas de maior tamaño.

As entidades dedicadas ao audiovisual son as que teñen mellor evolución do emprego en 2022 e tamén as que manteñen máis altas as expectativas para 2023 (3,20). Outros segmentos destacados nestas perspectivas son os da edición de libros e publicacións periódicas (3,15) e mais o dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (3,11). Fronte a isto, as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas e as bibliotecas e arquivos son as únicas que presentan expectativas por debaixo do 3 (2,99 e 2,93, respectivamente).

**Valoración media da evolución do volume de emprego (número de traballadores/as) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,87	3,00
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,07	2,99
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,16	3,15
Audiovisual e actividades relacionadas	3,32	3,20
Artes visuais	3,17	3,06
Música	3,20	3,04
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,19	3,05
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,12	3,11
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,00	2,93
Educación cultural	3,14	3,07
Actividades das administracións públicas	3,06	3,09
Total	3,15	3,08
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	3,01	3,05
De 50.000 € a 149.999 €	3,12	3,08
De 150.000 € a 499.999 €	3,30	3,13
500.000 € ou máis	3,36	3,11
Ns/Nc	3,11	2,94
Total	3,15	3,08


Fonte: Elaboración propia

En canto aos custos laborais, o 49,5% das entidades do sector cultural galego enquisadas experimentou un aumento ao longo de 2022 (o 34,9% un aumento leve e o 14,6% un aumento significativo), o 34,6% indica que os seus custos non variaron e só o 2,7% experimentou algún descenso nese eido.

No referente ás expectativas para 2023, volve ser maioritaria a porcentaxe das entidades que prevén novos incrementos do custos laborais (45,6%), mentres que o 37,6% considera que se manterán estes gastos e o 2,8% conta con algún descenso neste concepto.

Nestas variables, parte do peso porcentual da resposta «Ns/Nc», máis elevado que noutros indicadores desta parte do cuestionario, débese á falta de resposta daquelas entidades sen ánimo de lucro que só contan con persoal voluntario. Este indicador mídese por primeira vez na presente edición do *Barómetro da cultura galega*, polo que non é posible establecer unha comparación coa anterior edición.

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución dos custos laborais totais por traballador en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**



Fonte: Elaboración propia

A análise destas respostas como valores nunha escala do 1 ao 5 sitúa en 3,70 a evolución dos custos de persoal en 2022, é dicir, nunha posición próxima ao valor 4, que equivale á categoría de resposta «aumento leve». No caso das expectativas para 2023 esta cifra é de 3,62.

**Valoración da evolución dos custos laborais totais por traballador das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2022	3,70	0,81
Expectativas para 2023	3,62	0,79

Fonte: Elaboración propia

A segmentación en función da actividade específica permite comprobar que o incremento dos custos laborais foi unha realidade transversal a todo o sector da cultura galega. De feito, todos os segmentos presentan valores superiores ao 3,3 e só dous por debaixo do 3,6: as bibliotecas e arquivos (3,34) e as administracións públicas (3,57). No lado contrario, as entidades que presentan maiores valores medios na evolución do seu custo laboral son as dedicadas ao teatro, danza, espectáculos e actividades das artes escénicas (4,03, única que supera o 4), ao comercio de libros e publicacións periódicas (3,84) e ás artes gráficas (3,83).

As entidades dedicadas ás artes gráficas e actividades relacionadas son tamén as que en maior medida prevén novos incrementos dos custos

laborais (3,82), aínda que tamén destacan as expectativas ao respecto das dedicadas á edición de libros e publicacións periódicas (3,78); de novo, son as bibliotecas e arquivos as que o fan en menor medida (3,36). En definitiva, os valores máis próximos a 4 que a 3 na maioría dos segmentos da análise por actividade específica reflicten unha situación máis achegada ao incremento leve dos custos laborais que á estabilidade durante 2022, e prevese que se manterán nun nivel moi similar durante 2023.

O cruzamento por número total de traballadores/as permite comprobar que a media que reflicte un incremento do custo laboral durante 2022 supera o 3,5 en todos os treitos, se ben é maior entre as entidades con cadros de persoal máis amplos (valores entre 3,79 e 3,88 nas de máis de tres persoas empregadas). Esta tendencia é tamén clara na análise das expectativas, pois a previsión dun incremento dos custos laborais por traballador durante 2023 vai do 3,54 das entidades con só un ou dous traballadores ao 3,74 das que teñen máis de dez.

**Valoración media da evolución dos custos laborais totais por traballador das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,83	3,82
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,84	3,64
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,72	3,78
Audiovisual e actividades relacionadas	3,77	3,56
Artes visuais	3,60	3,59
Música	3,78	3,58
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,03	3,58
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,70	3,68
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,34	3,36
Educación cultural	3,68	3,69
Actividades das administracións públicas	3,57	3,50
<b>Total</b>	<b>3,70</b>	<b>3,62</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	-	-
1 ou 2 empregados/as	3,52	3,54
De 3 a 5 empregados/as	3,79	3,65
De 6 a 10 empregados/as	3,88	3,66
Máis de 10 empregados/as	3,82	3,74
Ns/Nc	3,85	3,74
<b>Total</b>	<b>3,70</b>	<b>3,62</b>

Fonte: Elaboración propia



Ao observar a evolución dos prezos dos recursos utilizados no proceso de produción, non só se constata unha porcentaxe moi elevada de entidades e empresas que afirman que estes se incrementaron durante 2022 (84,6%), senón que tamén pode comprobarse que a categoría máis enfática, o «aumento significativo», é a que recolle máis respostas (60,2%). Neste contexto, evidentemente marcado pola crise inflacionista xeral, só o 10,5% declara que mantiña unha estabilidade no prezo dos seus insumos e só o 1,2% percibiu un descenso destes.

As expectativas para 2023 evidencian a previsión de que o prezo dos insumos siga aumentando, pero rexistran valores algo máis equilibrados. Deste xeito, seguen a ser clara maioría as persoas que estiman que se producirá un incremento (71,4%), pero cun maior equilibrio entre quen agarda un incremento significativo (37,9%) e quen considera que será leve (33,5%), mentres que a porcentaxe de persoas que esperan que se estabilicen estes prezos se sitúa no 22,4%.

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Descenso significativo	0,4	0,3
Descenso leve	0,8	1,5
Estabilidade	10,5	22,4
Aumento leve	24,4	33,5
Aumento significativo	60,2	37,9
Ns/Nc	3,6	4,4

Fonte: Elaboración propia

A expresión numérica destas respostas, nunha escala do 1 ao 5, presenta valores claramente por riba do 4. Así, a afirmación da suba do prezo dos insumos durante 2022 sitúase nun 4,49, de xeito que supera con claridade tanto o incremento rexistrado en 2021 (4,22) como as expectativas —tamén elevadas (4,29)— que se tiñan para 2022 no anterior estudo. Por último, pódese comprobar que as expectativas para 2023, aínda que superan o 4 (4,12), se manteñen por debaixo tanto das expectativas como da situación real dos dous anos anteriores.

**Valoración da evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2021	4,22	0,85
Expectativas para 2022	4,29	0,82
Evolución en 2022	4,49	0,76
Expectativas para 2023	4,12	0,84

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que acontecía co incremento dos custos laborais, a análise por segmentos mostra un incremento xeneralizado do prezo dos insumos, con valores medios que oscilan entre o 4,27 rexistrado entre as entidades do audiovisual e o 4,89 recollido entre as das artes gráficas. Tamén se sitúan preto do 5 (aumento significativo) as administracións públicas (4,70) e as empresas dedicadas ao comercio de libros (4,68).

En canto ás expectativas, só as entidades dedicadas á edición de libros e publicacións periódicas achegan un valor por debaixo do 4 (3,96), mentres que no caso dos organismos das administracións públicas as expectativas dun incremento dos prezos ascenden ata o 4,47.

**Valoración media da evolución do prezo dos insumos (subministracións, materias primas) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Artes gráficas e actividades relacionadas	4,89	4,11
Comercio de libros e publicacións periódicas	4,68	4,25
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	4,36	3,96
Audiovisual e actividades relacionadas	4,27	4,08
Artes visuais	4,51	4,04
Música	4,42	4,15
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,59	4,07
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	4,41	4,12
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	4,36	4,20
Educación cultural	4,45	4,36
Actividades das administracións públicas	4,70	4,47
Total	4,49	4,12

Fonte: Elaboración propia

Pese á suba do prezo dos insumos, un 50,9% das entidades que compoñen a mostra de estudo mantivo os prezos das súas mercadorías; en cambio, un 39,6% tivo que incrementalos e só un 3% chegou a reducilos. Con respecto ás previsións para 2023, non se aprecian grandes diferenzas con respecto á evolución en 2022, pois un 49,9% prevé manter estables os prezos

das súas mercadorías, un 41,5% cre que os incrementará e só o 2,4% espera reducilos.

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución do prezo das mercadorías (bens/servizos) en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Descenso significativo	0,7	0,5
Descenso leve	2,3	1,9
Estabilidade	50,9	49,9
Aumento leve	30,2	32,3
Aumento significativo	9,4	9,2
Ns/Nc	6,6	6,2

Fonte: Elaboración propia

Os índices sintéticos extraídos da análise das respostas nominais como puntuacións nunha escala de 1 a 5 mostran unha evolución do crecemento dos prezos maior en 2022 (3,48) que en 2021 (3,21), co que se cumpren as expectativas que ao respecto se mantiñan para 2022 (3,49). Cun valor medio de 3,51, as expectativas de aumento do prezo das mercadorías para 2023 mantéñense na liña tanto das expectativas do pasado estudo para 2022 como da evolución real que finalmente se produciu ao longo dese ano.

**Valoración da evolución do prezo das mercadorías (bens/servizos) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2021	3,21	0,68
Expectativas para 2022	3,49	0,73
Evolución en 2022	3,48	0,74
Expectativas para 2023	3,51	0,72

Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica permite apreciar interesantes diferenzas entre os diversos segmentos en que se clasifica o universo obxecto de estudo. Deste xeito, pódese observar que, se ben todos os segmentos presentan puntuacións medias claramente por riba do 3, unhas fican máis preto desta cifra mentres que outras se achegan ao 4. Así, as entidades dedicadas á educación cultural son as que presentan a puntuación menos elevada en canto á evolución dos prezos das súas mercadorías en 2022 (3,23) e tamén en canto ás previsións que establecen para 2023 (3,26). Fronte a elas, as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas e ás artes gráficas son as que presentan os valores sintéticos máis altos con respecto á evolución dos prezos durante 2022 (3,88 e 3,78

respectivamente) e tamén con respecto ás previsións para 2023 (cos respectivos 3,90 e 3,70). Evidentemente, este incremento do prezo das mercadorías está ligado ao aumento do prezo dos insumos, que tamén presentaba uns valores claramente destacados para estes dous segmentos.

**Valoración media da evolución do prezo das mercadorías (bens/servizos) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,78	3,70
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,88	3,90
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,45	3,45
Audiovisual e actividades relacionadas	3,36	3,44
Artes visuais	3,47	3,50
Música	3,44	3,50
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,48	3,47
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,43	3,43
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,51	3,64
Educación cultural	3,23	3,26
Actividades das administracións públicas	3,55	3,52
Total	3,48	3,51

Fonte: Elaboración propia

Se se ten en conta a evolución da carga de traballo, pódese considerar o pasado 2022 como un ano positivo. O 54,2% das entidades entrevistadas pon de manifesto que experimentou algún aumento na súa produción de bens e servizos durante ese ano (o 34,7% un aumento leve e o 19,5% un aumento significativo), mentres que as que sufriron algún descenso chegaron ao 11,8%. En canto ás previsións para 2023, seguen a predominar as expectativas positivas, é dicir, as entidades que prevén algún incremento, se ben cun valor inferior ao constatado en 2022 (44,6%), que se compensa cun incremento da porcentaxe das que estiman que se manterá (39,7%). A porcentaxe das que esperan algún descenso na carga de traballo sitúase no 10,5%.

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución da produción de bens e servizos (carga de traballo) en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Descenso significativo	2,4	2,2
Descenso leve	9,4	8,3
Estabilidade	31,1	39,7
Aumento leve	34,7	32,8
Aumento significativo	19,5	11,8
Ns/Nc	2,8	5,1

Fonte: Elaboración propia

Ao trasladar estas respostas a valores medios, pode comprobarse que a evolución da carga de traballo durante 2022 acada o 3,61, case dúas décimas máis que a media rexistrada en 2021 e practicamente a cifra das expectativas que se tiñan entón para 2022. En canto ao ano 2023, as expectativas sitúanse tamén nun incremento leve (3,46), pero por debaixo da evolución constatada en 2022 e das previsións do pasado ano.

**Valoración da evolución da produción de bens e servizos (carga de traballo) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2021	3,42	1,11
Expectativas para 2022	3,62	0,86
Evolución en 2022	3,61	0,99
Expectativas para 2023	3,46	0,90

Fonte: Elaboración propia

A clasificación por actividade específica volve ser a variable de segmentación máis significativa a nivel estatístico. Se ben a evolución foi positiva en todos os segmentos, obsérvanse claras diferenzas entre as puntuacións medias arredor do 3,40 dos dous ámbitos relacionados cos libros e as publicacións (comercio e edición) e as puntuacións que roldan ou mesmo superan o 4 rexistradas nas entidades dedicadas ás actividades das administracións públicas (4,08), á música (3,95) e aos museos e actividades relacionadas (3,92).

Este indicador, que mide a carga de traballo en 2022, ofrece un valor medio menos elevado no treito máis baixo da escala de facturación/orzamento da entidade, que se sitúa en 3,45 para as que non chegaron aos 50.000 euros, fronte a cifras de entre o 3,70 e o 3,75 dos seguinte treitos.

No caso das expectativas para 2023, os valores máis altos volven corresponder ás actividades das administracións públicas (3,97) e aos museos e actividades relacionadas (3,78). O comercio de libros, xunto coas artes gráficas, volve ser un dos segmentos coas expectativas de crecemento

para 2023 máis baixas, se ben cabe sinalar que en ambos os casos seguen situándose por riba da cifra que indica estabilidade (3,29 e 3,26 respectivamente).

**Valoración media da evolución da produción de bens e servizos (carga de traballo) das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,64	3,26
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,35	3,29
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,43	3,37
Audiovisual e actividades relacionadas	3,72	3,41
Artes visuais	3,49	3,45
Música	3,95	3,45
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,76	3,38
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,92	3,78
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,87	3,60
Educación cultural	3,63	3,57
Actividades das administracións públicas	4,08	3,97
<b>Total</b>	<b>3,61</b>	<b>3,46</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	3,45	3,46
De 50.000 € a 149.999 €	3,70	3,44
De 150.000 € a 499.999 €	3,71	3,41
500.000 € ou máis	3,75	3,53
Ns/Nc	3,51	3,76
<b>Total</b>	<b>3,61</b>	<b>3,46</b>

Fonte: Elaboración propia

A análise da evolución de 2022 e das expectativas para 2023 péchase coa atención á percepción sobre o comportamento da demanda de produtos e servizos. Tamén neste punto volve constatarase o predominio das respostas optimistas, pois unha de cada dúas persoas enquisadas afirma que a entidade que representa experimentou algún incremento na súa demanda (49,8%), mentres que o 14,3% afirma que sufriu algún descenso na demanda dos seus bens e servizos.

Este bo comportamento do indicador en 2022 vese acompañado tamén dunhas boas expectativas para 2023, se ben algo atemperadas en comparación coa evolución de 2022, de modo que se prevén incrementos na demanda do 40,8% (9 puntos menos que na evolución recente) e incrementábase en 9,6 puntos a previsión de estabilidade (ata o 42,8%). Porén,

tamén se reduce a porcentaxe de entidades que prevén un descenso neste aspecto (11,6%).

**Porcentaxe de entidades segundo a evolución da demanda dos produtos/servizos en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Descenso significativo	2,3	2,7
Descenso leve	12,0	8,9
Estabilidade	33,2	42,8
Aumento leve	36,9	31,9
Aumento significativo	12,9	8,9
Ns/Nc	2,8	4,7

Fonte: Elaboración propia

A análise mediante indicadores resumo (medias nunha escala do 1 ao 5) sitúa o comportamento da demanda durante 2022 no 3,47, valor que supera o 3,30 co que se xulgaba a evolución da demanda en 2021, pero que se mantén lixeiramente por debaixo do 3,62 que cifraba as expectativas para 2022. As expectativas para o ano 2023 son menores que as que se tiñan para 2022 e que a evolución da demanda neste ano, pero seguen sendo, en todo caso, positivas, pois sitúanse no 3,37. Así, de confirmarse este dato, encadearíanse tres anos consecutivos de crecemento da demanda do sector cultural galego.

**Valoración da evolución da demanda dos produtos/servizos das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Media	Desviación típica
Evolución en 2021	3,30	1,10
Expectativas para 2022	3,62	0,83
Evolución en 2022	3,47	0,95
Expectativas para 2023	3,37	0,88

Fonte: Elaboración propia

Se se observan estes datos en función da actividade específica da entidade, en referencia á valoración do comportamento da demanda durante 2022 pode comprobarse que o valor máis baixo é, unha vez máis, o que rexistran as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (3,12), é dicir, o mesmo segmento que achega o valor máis baixo nas expectativas para 2023 (3,14). No extremo contrario, as empresas dedicadas á actividade museística, os organismos das administracións públicas e as bibliotecas e arquivos e actividades relacionadas destacan na súa valoración positiva da evolución da demanda no ano 2022 (valores que se sitúan arredor do 3,8) e tamén nas súas expectativas para 2023 (medias entre o 3,64 e o 3,77). As entidades relacionadas coa música presentan tamén unha



media moi elevada á hora de valorar a evolución da demanda en 2022 (3,78), pero son algo menos optimistas de cara a 2023 (3,30).

**Valoración media da evolución da demanda dos produtos/servizos das entidades en 2022 con respecto a 2021 e expectativas para 2023 (escala 1-5)**

	Evolución en 2022	Expectativas para 2023
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,46	3,21
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,12	3,14
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,28	3,21
Audiovisual e actividades relacionadas	3,57	3,48
Artes visuais	3,38	3,31
Música	3,78	3,30
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,59	3,27
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,84	3,77
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,80	3,64
Educación cultural	3,54	3,48
Actividades das administracións públicas	3,83	3,75
Total	3,47	3,37

Fonte: Elaboración propia

### 3. Inversións e subvencións


A realización de inversións configúrase como un bo indicador do dinamismo das entidades, razón pola cal se mantén este apartado nesta edición do *Barómetro* e se amplía para dar cabida a unha serie de cuestións de carácter máis conxuntural sobre os fondos europeos Next Generation.

Un 52,6% das entidades que compoñen a mostra realizou algún investimento ao longo de 2022, porcentaxe que se sitúa lixeiramente por riba tanto da recollida en relación con 2021 como das previsións que entón se tiñan para o ano seguinte.

En relación coas perspectivas para 2023, a porcentaxe de entidades que teñen previsto acometer inversións rolda o 50% da mostra, aínda que nesta ocasión se sitúa por debaixo (48,6%), é dicir, 2,4 puntos porcentuais menos que nas previsións do anterior estudo e 4 puntos menos que o investimento realizado en 2022.



**Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento en 2022 ou que teñen previsto realizalo en 2023**



Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica pon de manifesto que en oito dos once segmentos a porcentaxe de entidades que realizaron investimentos supera o 50%. Entre estas destacan as entidades dedicadas ás actividades das administracións públicas e á educación cultural, por seren as que realizaron máis investimentos en 2022 (76,1% e 68,6%, respectivamente) e tamén as que en maior medida teñen previsto facelos en 2023 (coas respectivas porcentaxes do 70,1% e 65,7%). Pola contra, as entidades que menos investimentos realizaron durante o pasado ano foron as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (32,9%) e ás artes gráficas (35,8%), e son tamén as que prevén unha menor porcentaxe de investimento para 2023 (25,9% e 38,8%, respectivamente).

Debido a esa maior realización e previsión de investimentos nos organismos culturais das administracións públicas e no segmento da educación cultural, no que parte das entidades tamén forman parte da Administración, no cruzamento por tipo de entidade volven ser estas as que destacan por riba dos demais segmentos: realizaron investimentos o 72,3% das administracións públicas, porcentaxe que se sitúa no 51,2% no caso das empresas e baixa ata o 43,5% no caso das entidades sen ánimo de lucro. As previsións para 2023 mostran un panorama similar, co 68,8% para as administracións públicas e índices de entre o 43,7% e o 49% para o resto de entidades.

Tanto a realización de investimentos como a previsión destes presenta mellores porcentaxes de resposta entre as entidades dos dous segmentos de maior facturación ou orzamento. Do mesmo xeito, en ambos os indicadores obsérvase maior frecuencia canto maior é o tamaño do cadro de persoal: a realización de investimentos en 2022 foi desde o 14,1% nas entidades sen persoal contratado ata o 76,9% nas que teñen máis de dez traballadores/as, e a previsión para 2023 sitúase entre o 33,6% das primeiras e o 68,1% das segundas.

**Porcentaxe de entidades que realizaron algún investimento en 2022 ou que teñen previsto realizalo en 2023**


	Realizados en 2022	Previstos para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	35,8	38,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	32,9	25,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	51,4	48,6
Audiovisual e actividades relacionadas	59,6	55,3
Artes visuais	47,5	40,0
Música	57,6	48,9
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	56,3	64,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	57,1	61,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	58,6	58,6
Educación cultural	68,6	65,7
Actividades das administracións públicas	76,1	70,1
<b>Total</b>	<b>52,6</b>	<b>48,6</b>
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	51,2	44,4
Profesional autónomo	46,9	43,7
Administración pública	72,3	68,8
Entidade sen ánimo de lucro	43,5	49,0
<b>Total</b>	<b>52,6</b>	<b>48,6</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	44,0	45,1
De 50.000 € a 149.999 €	48,3	41,3
De 150.000 € a 499.999 €	63,6	56,3
500.000 € ou máis	70,5	65,4
Ns/Nc	49,7	41,5
<b>Total</b>	<b>52,6</b>	<b>48,6</b>

<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	14,1	33,6
1 ou 2 empregados/as	42,9	38,9
De 3 a 5 empregados/as	53,0	47,3
De 6 a 10 empregados/as	58,5	58,8
Máis de 10 empregados/as	76,9	68,1
Ns/Nc	61,9	66,7
Total	52,6	48,6

Fonte: Elaboración propia

Durante 2022 solicitaron e obtiveron algunha subvención o 43% das entidades enquisadas, 4,9 puntos menos que durante 2021. Isto foi debido, por unha banda, a que se produciu un lixeiro incremento da porcentaxe de empresas que non solicitaron ningunha axuda (pasouse do 43,6 ao 44,7%) e, por outra, a que aumentou a taxa de solicitudes denegadas (pasouse do 5,3% ao 8,2%).

#### **Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública**



Fonte: Elaboración propia

Por actividade específica, as entidades en que maior porcentaxe declara que solicitaron e percibiron subvencións son as dedicadas ás actividades das administracións públicas (85,1%) e á educación cultural (58,6%). Pola contra, as entidades dedicadas ás artes gráficas e ao comercio de libros e publicacións periódicas son as que en menor medida pediron e recibiron subvencións (25,4% e 28,2%, respectivamente).

Esta solicitude e posterior concesión de subvencións está tamén moi determinada polo tipo de entidade, pois pediu e percibiu algunha axuda o 65,2% das entidades sen ánimo de lucro e o 63,2% das administracións públicas, porcentaxes claramente superiores ás que se rexistran nos segmentos empresariais (36,6% no caso das empresas e 27,5% no dos profesionais autónomos). Neste último caso, cabe destacar que a porcentaxe que non solicitou ningunha subvención se eleva ata o 63,6%.

O tamaño das entidades tamén inflúe nesta cuestión. Así, en termos de facturación, o segmento no cal se rexistrou a maior porcentaxe de entidades que solicitaron e obtiveron subvencións é o das que contan cunha facturación ou orzamento de 500.000 euros en diante (63,2%), en clara contraposición co segmento das de 50.000 euros ou menos de facturación, no que só o fixo o 37,1% das entidades. En termos de volume de persoal, a porcentaxe de entidades que solicitaron e obtiveron algunha subvención en 2022 foi maior canto maior é o seu tamaño (vai do 36,1% das que só teñen unha ou dúas persoas no cadro de persoal ao 57,2% das que teñen máis de dez).

**Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda ou subvención dalgunha Administración pública en 2022**

	Solicitárona e obtivérona	Solicitárona e denegáronlla	Non a solicitaron	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	25,4	9,0	58,2	7,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	28,2	4,7	61,2	5,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	52,3	2,8	41,1	3,7
Audiovisual e actividades relacionadas	45,7	11,7	38,3	4,3
Artes visuais	31,7	11,7	54,2	2,5
Música	44,6	10,9	43,5	1,1
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	50,6	6,9	35,6	6,9
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	55,6	4,0	36,5	4,0
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	54,0	3,4	36,8	5,7
Educación cultural	58,6	4,3	30,0	7,1
Actividades das administracións públicas	85,1	4,5	10,4	0,0
Total	43,0	8,2	44,7	4,1

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	36,6	10,4	48,3	4,7
Profesional autónomo	27,5	8,3	63,6	0,6
Administración pública	63,2	1,8	28,4	6,5
Entidade sen ánimo de lucro	65,2	6,0	25,5	3,3
Total	43,0	8,2	44,7	4,1
<i>Facturación en 2022</i>				
Menos de 50.000 €	37,1	6,6	52,9	3,4
De 50.000 € a 149.999 €	44,3	9,5	42,5	3,7
De 150.000 € a 499.999 €	40,6	9,5	44,3	5,6
500.000 € ou máis	63,2	9,5	24,7	2,6
Ns/Nc	44,7	3,2	43,2	8,9
Total	43,0	8,2	44,7	4,1
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>				
Ningún, só persoal voluntario	40,2	7,1	50,9	1,8
1 ou 2 empregados/as	36,1	9,1	51,2	3,6
De 3 a 5 empregados/as	41,2	6,1	48,8	4,0
De 6 a 10 empregados/as	51,4	12,4	34,5	1,7
Máis de 10 empregados/as	57,2	7,4	28,0	7,4
Ns/Nc	49,1	0,0	45,4	5,5
Total	43,0	8,2	44,7	4,1

Fonte: Elaboración propia

En relación coas cantidades das axudas recibidas, o 50,9% das entidades da cultura galega que obtiveron algunha subvención en 2022 percibiu 10.000 euros ou menos (o 23,1% menos de 3.000 euros e o 27,8% entre 3.000 e 10.000 euros), porcentaxe lixeiramente inferior á de 2021, cando se situaba no 52,6%. Pola contra, incrementouse, con respecto ao ano anterior, a porcentaxe das que recibiron máis de 30.000 euros (23,8%, 5 puntos máis que en 2021).

### **Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas en 2022 con respecto a 2021**

	2021	2022
Menos de 3.000 €	20,2	23,1
De 3.000 € a 10.000 €	32,4	27,8
De 10.001 € a 30.000 €	21,1	20,9
De 30.001 € a 50.000 €	4,9	7,4
Máis de 50.000 €	13,9	16,4
Ns/Nc	7,6	4,4

Fonte: Elaboración propia

*Variable filtrada. Aplícase só ás entidades que solicitaron e recibiron algunha subvención ao longo de 2022*

A análise por segmentos das contías máis habituais das subvencións recibidas polas entidades da cultura galega durante 2022 evidencia que o treito máis baixo (de menos de 3.000 euros) é o máis sinalado polas que se

.....

dedican ao comercio de libros e publicacións periódicas (50%) e ás artes visuais (34,2%). No extremo contrario, só as entidades do audiovisual e actividades relacionadas, xunto cos organismos culturais das administracións públicas, manifestan de xeito predominante que recibiron contías de máis de 50.000 euros (o 32,6% e o 38,6%, respectivamente).

Ademais, en función do tipo de entidade obsérvanse diferenzas significativas, pois mentres que entre os profesionais autónomos a resposta máis habitual é a que apunta a subvencións de menos de 3.000 euros durante 2022 (67,2%, fronte ao 23,6% das empresas, o 13,2% das administracións públicas e o 10,9% das entidades sen ánimo de lucro), a resposta máis frecuente entre as administracións públicas é a que sinala cantidades superiores a 50.000 euros (24%). Polo tanto, os autónomos son os que en menor medida solicitan subvencións e tamén os que, no caso de obtelas, menor cantidade perciben, mentres que no caso das administracións públicas a situación é xustamente a inversa, xa que son as que en maior medida as solicitan e as que máis cantidade de diñeiro reciben.

En canto ao tamaño das entidades, compróbase que a porcentaxe das que obtiveron máis de 50.000 euros de subvencións é máis elevada canto maior é a súa facturación (vai do 3,2% das que non chegan aos 50.000 euros ao 31,9% das que acadan ou superan os 500.000 euros). Do mesmo xeito, en función do seu tamaño segundo o volume de persoal, as porcentaxes pasan do 0% nas que contan só con persoal voluntario ao 27,6% nas que teñen máis de dez traballadores/as, mentres que o índice das que obtiveron o importe menor das axudas (menos de 3.000 euros) segue a tendencia contraria. Con estes datos, a maior contía das subvencións é a resposta máis habitual entre as empresas dos dous treitos de maior facturación e de maior volume de persoal.

**Porcentaxe de entidades segundo a contía de todas as axudas/subvencións recibidas en 2022**

	Menos de 3.000 €	De 3.000 € a 10.000 €	De 10.001 € a 30.000 €	De 30.001 € a 50.000 €	Máis de 50.000 €	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>						
Artes gráficas e actividades relacionadas	29,4	41,2	17,6	0,0	5,9	5,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	50,0	33,3	12,5	0,0	4,2	0,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	33,9	25,0	23,2	7,1	5,4	5,4
Audiovisual e actividades relacionadas	9,3	14,0	25,6	11,6	32,6	7,0
Artes visuais	34,2	39,5	13,2	5,3	7,9	0,0
Música	19,5	24,4	19,5	9,8	17,1	9,8
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	15,9	18,2	31,8	18,2	15,9	0,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	7,1	20,0	31,4	10,0	20,0	11,4
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	14,9	40,4	21,3	6,4	10,6	6,4
Educación cultural	22,0	31,7	24,4	0,0	17,1	4,9
Actividades das administracións públicas	5,3	14,0	17,5	19,3	38,6	5,3
<b>Total</b>	<b>23,1</b>	<b>27,8</b>	<b>20,9</b>	<b>7,4</b>	<b>16,4</b>	<b>4,4</b>
<i>Tipo de entidade</i>						
Empresa	23,6	30,9	20,2	6,1	14,2	5,0
Profesional autónomo	67,2	19,1	5,5	4,6	3,7	0,0
Administración pública	13,2	23,6	22,7	8,6	0,0	7,9
Entidade sen ánimo de lucro	10,9	29,3	28,2	10,5	19,6	1,5
<b>Total</b>	<b>23,1</b>	<b>27,8</b>	<b>20,9</b>	<b>7,4</b>	<b>16,4</b>	<b>4,4</b>
<i>Facturación en 2022</i>						
Menos de 50.000 €	32,0	35,8	21,3	5,2	3,2	2,5
De 50.000 € a 149.999 €	19,8	31,0	24,2	8,7	13,8	2,5
De 150.000 € a 499.999 €	20,8	23,7	19,0	6,4	25,7	4,4
500.000 € ou máis	13,1	15,0	20,3	12,1	31,9	7,7
Ns/Nc	29,1	18,9	9,7	1,9	23,5	16,9
<b>Total</b>	<b>23,1</b>	<b>27,8</b>	<b>20,9</b>	<b>7,4</b>	<b>16,4</b>	<b>4,4</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>						
Ningún, só persoal voluntario	39,4	25,1	31,1	4,4	0,0	0,0
1 ou 2 empregados/as	32,6	29,8	17,1	6,6	11,7	2,2
De 3 a 5 empregados/as	19,9	34,3	23,9	9,2	10,7	2,0
De 6 a 10 empregados/as	17,7	26,5	25,5	5,4	19,0	5,9
Máis de 10 empregados/as	12,7	21,1	22,5	7,5	27,6	8,6
Ns/Nc	23,9	11,2	3,3	12,9	32,7	16,0
<b>Total</b>	<b>23,1</b>	<b>27,8</b>	<b>20,9</b>	<b>7,4</b>	<b>16,4</b>	<b>4,4</b>


Fonte: Elaboración propia

*Variable filtrada. Aplícase só ás entidades que solicitaron e recibiron algunha subvencións ao longo de 2022*

En canto aos fondos europeos, o 57,1% das persoas entrevistadas afirma que coñecen os fondos Next Generation, mentres que o 19,6% declara

abertamente que non ten información sobre eles, porcentaxe á que se podería engadir o 20,7% das que din que teñen algunha noción, pero que recoñecen que non teñen suficientes detalles ao respecto.

#### Porcentaxe de entidades que coñecen os fondos europeos Next Generation



Fonte: Elaboración propia

Unha vez máis, a segmentación por actividade específica mostra notables diferenzas entre os diversos subsectores, de xeito que a porcentaxe de persoas que afirman coñecer os fondos Next Generation chega a superar o 60% en seis dos once segmentos. Así, rexistran índices especialmente elevados os organismos culturais das administracións públicas (83,6%), as entidades dedicadas ao audiovisual (73,4%) ou as vinculadas á edición de libros e publicacións periódicas (68,2%), mentres que cae ata o 38% entre as do ámbito musical e fica arredor do 44% nas das artes gráficas e artes visuais.

Como cabía esperar, o coñecemento dos fondos Next Generation está máis estendido entre as administracións públicas (68,8%) que entre as demais entidades, especialmente os profesionais autónomos (42,6%). Por último, cabe sinalar que a porcentaxe de persoas que aseveran coñecer estas axudas resulta notablemente máis elevada entre as entidades con maior



nivel de facturación/orzamento (74,9%) e maior volume de persoal (67,4%).

**Porcentaxe de entidades que coñecen os fondos europeos Next Generation**


	Non os coñece	Sóanlle, pero non ten suficiente in- formación	Si os coñece	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	32,8	20,9	43,3	3,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	28,2	15,3	50,6	5,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	9,3	19,6	68,2	2,8
Audiovisual e actividades relacionadas	4,3	20,2	73,4	2,1
Artes visuais	27,5	25,8	45,0	1,7
Música	37,0	21,7	38,0	3,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	19,5	12,6	63,2	4,6
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	19,0	16,7	58,7	5,6
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	16,1	17,2	65,5	1,1
Educación cultural	14,3	20,0	64,3	1,4
Actividades das administracións públicas	4,5	9,0	83,6	3,0
<b>Total</b>	<b>19,6</b>	<b>20,7</b>	<b>57,1</b>	<b>2,6</b>
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	17,2	20,9	58,9	3,0
Profesional autónomo	31,9	24,3	42,6	1,2
Administración pública	13,5	15,0	68,8	2,8
Entidade sen ánimo de lucro	22,0	21,6	53,7	2,7
<b>Total</b>	<b>19,6</b>	<b>20,7</b>	<b>57,1</b>	<b>2,6</b>
<i>Facturación en 2022</i>				
Menos de 50.000 €	31,0	17,5	50,4	1,0
De 50.000 € a 149.999 €	15,8	21,2	59,6	3,4
De 150.000 € a 499.999 €	11,8	29,8	55,5	2,9
500.000 € ou máis	4,8	16,9	74,9	3,4
Ns/Nc	25,7	7,8	59,3	7,2
<b>Total</b>	<b>19,6</b>	<b>20,7</b>	<b>57,1</b>	<b>2,6</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>				
Ningún, só persoal voluntario	37,1	14,8	46,4	1,8
1 ou 2 empregados/as	25,2	21,7	51,1	2,0
De 3 a 5 empregados/as	17,2	18,5	60,9	3,5
De 6 a 10 empregados/as	15,3	24,0	55,4	5,2
Máis de 10 empregados/as	10,6	20,9	67,4	1,0
Ns/Nc	9,5	11,6	73,4	5,5
<b>Total</b>	<b>19,6</b>	<b>20,7</b>	<b>57,1</b>	<b>2,6</b>

Fonte: Elaboración propia

Tras a variable que preguntaba directamente sobre o coñecemento dos fondos ofreceuse unha breve explicación ao respecto, na que se indicaba que a Unión Europea aprobara un importante paquete de axudas para a recuperación económica de España. A continuación preguntábase, tanto a quen coñecía *a priori* os fondos como a quen non, sobre o impacto que crían que tiveran eses recursos europeos sobre o sector cultural galego durante 2022.

Os resultados, condicionados polo importante descoñecemento, presentan unha elevada abstención, pois optaron pola resposta «Ns/Nc» o 24,8% das persoas entrevistadas. Entre as demais, o 25,9% xulgou positivamente o impacto dos fondos no pasado ano (o 21,9% considerou que foi bastante positivo e o 4% que foi moi positivo). En todo caso, son maioría as persoas que pensan que estes fondos tiveron escasa influencia sobre o sector, pois para o 49,3% da mostra ou ben non tiveron impacto ningún sobre o sector cultural galego (21%) ou ben a pegada foi de pouca relevancia (28,3%).

**Porcentaxe de entidades segundo a percepción do impacto dos fondos Next Generation no seu sector en 2022**



Fonte: Elaboración propia

O primeiro dato que cómpre destacar da táboa de segmentación desta variable é a importante porcentaxe de abstención nalgúns segmentos, pois, se ben o 24,8% das persoas entrevistadas non soubo ou declinou responder a esta cuestión, segundo a análise por actividade este valor chegou ao

.....

35,3% entre as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas e ao 33,7% entre as de música. De acordo co tipo de actividade, a falta de resposta rexistrou a porcentaxe máis elevada entre os profesionais autónomos (42,2%). Ademais, o descoñecemento sobre esta cuestión é máis alto canto menor é a facturación da entidade (vai do 12,5% das entidades que facturan 500.000 euros en diante ao 33,1% das que non chegan aos 50.000 euros).

Ao considerar, por unha banda, as dúas respostas que indican que os fondos tiveron pouco ou ningún impacto no sector cultural e, por outra, as dúas que sinalan un impacto bastante ou moi positivo, cómpre salientar que a agregación das primeiras é maioritaria en todos os segmentos en xeral. Con todo, pode atoparse certo equilibrio nas empresas dedicadas ao audiovisual e actividades relacionadas e nas bibliotecas e arquivos, cuxas respostas que negan ou minimizan o impacto superan en só 5,3 e 6,9 puntos respectivamente as que sinalan un impacto relevante.

En calquera caso, se se atende ao cruzamento por actividade específica, obsérvase que a resposta que nega ou minimiza o impacto dos fondos Next Generation non baixa do 40% en ningún segmento e mesmo supera o 60% nos das entidades dedicadas ás artes gráficas e a edición de libros e publicacións periódicas (65,7% e 60,8%, respectivamente). Entre as entidades que achegan maiores porcentaxes de resposta positiva, é dicir, que sinalan bastante ou moito impacto, destacan as dedicadas á educación cultural, ás bibliotecas e os arquivos, ao audiovisual e ás actividades das administracións públicas (con valores entre o 30% e o 38,3%).

**Porcentaxe de entidades segundo a percepción do impacto dos fondos Next Generation no seu sector en 2022**


	Ningún impacto	Apenas tiveron impacto	Impacto bastante positivo	Impacto moi positivo	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	23,9	41,8	10,4	0,0	23,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	16,5	31,8	12,9	3,5	35,3
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	34,6	26,2	15,0	0,0	24,3
Audiovisual e actividades relacionadas	9,6	34,0	30,9	7,4	18,1
Artes visuais	20,0	22,5	23,3	5,0	29,2
Música	30,4	22,8	13,0	0,0	33,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	21,8	35,6	18,4	3,4	20,7
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	26,2	31,7	18,3	0,8	23,0
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	16,1	24,1	27,6	5,7	26,4
Educación cultural	28,6	22,9	25,7	4,3	18,6
Actividades das administracións públicas	10,4	41,8	31,3	7,5	9,0
<b>Total</b>	<b>21,0</b>	<b>28,3</b>	<b>21,9</b>	<b>4,0</b>	<b>24,8</b>
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	21,4	31,3	21,7	4,7	20,9
Profesional autónomo	14,5	23,4	17,9	2,0	42,2
Administración pública	18,0	27,9	28,8	6,2	19,2
Entidade sen ánimo de lucro	30,2	21,7	20,0	1,5	26,6
<b>Total</b>	<b>21,0</b>	<b>28,3</b>	<b>21,9</b>	<b>4,0</b>	<b>24,8</b>
<i>Facturación en 2022</i>					
Menos de 50.000 €	21,6	25,1	16,6	3,6	33,1
De 50.000 € a 149.999 €	20,5	26,1	26,8	3,1	23,6
De 150.000 € a 499.999 €	17,8	35,9	23,8	5,9	16,6
500.000 € ou máis	26,2	31,0	26,1	4,2	12,5
Ns/Nc	22,0	22,4	15,7	4,1	35,8
<b>Total</b>	<b>21,0</b>	<b>28,3</b>	<b>21,9</b>	<b>4,0</b>	<b>24,8</b>

Fonte: Elaboración propia

Aínda que a metade da mostra xulgaba como pouco relevante o impacto dos fondos Next Generation sobre o seu sector durante 2022, ao formular a mesma pregunta sobre 2023 as expectativas son algo máis optimistas, xa que a porcentaxe de persoas que cren que neste ano non terán ou apenas terán impacto se sitúa no 40,1%, é dicir, 9,2 puntos porcentuais menos que en 2022. Consecuentemente, a porcentaxe de quen cre que terán bastante ou moito impacto durante 2023 chega ao 33,6%, fronte ao 25,9% de quen o

afirmaba con respecto ao pasado ano. En todo caso, como na anterior variable, segue a haber unha elevada abstención (26,2%), que pode resultar habitual á hora de facer estimacións de cara ao futuro, pero que pode estar máis condicionada neste caso polo descoñecemento ou falta de información con respecto aos fondos Next Generation.

**Porcentaxe de entidades segundo a previsión de impacto dos fondos Next Generation nas empresas do seu sector en 2023**



Fonte: Elaboración propia

A falta de resposta, é dicir, o «Ns/Nc», que no estudo por frecuencias se sitúa nun 26,2%, resulta moi desigual entre os distintos segmentos da análise cruzada, ata o punto de ser a resposta máis habitual nalgúns deles. Así ocorre, no cruzamento por actividade, nas entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (37,6%), á música (35,9%) ou ás artes visuais (32,5%); no segmento de profesionais autónomos (48,1%), ao facer o cruzamento por tipo de entidade, ou, en función da facturación, entre as entidades ou empresas cunha facturación menor aos 50.000 euros, porcentaxe que se reduce conforme se atende a segmentos con maior facturación, ata situarse no 11,9% para as entidades cunha facturación de 500.000 euros en diante.

Se, como na variable anterior, se contabilizan de forma conxunta as dúas respostas que indican un nulo e un escaso impacto dos fondos Next Generation para 2023 e, do mesmo xeito, as dúas que prevén bastante e moito impacto, pode comprobarse que neste caso as segundas si logran

superar as primeiras nalgúns segmentos: segundo o cruzamento por actividade específica, no das entidades dedicadas ao audiovisual e actividades relacionadas, no das bibliotecas e arquivos e no das actividades culturais das administracións públicas, e segundo o cruzamento por tipo de entidade, no do empresariado autónomo e no das administracións públicas.


**Porcentaxe de entidades segundo a previsión do impacto dos fondos Next Generation nas empresas do seu sector en 2023**

	Ningún impacto	Apenas te-rán impacto	Impacto bastante positivo	Impacto moi positivo	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	20,9	37,3	22,4	1,5	17,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	11,8	29,4	18,8	2,4	37,6
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	22,4	29	20,6	0,9	27,1
Audiovisual e actividades relacionadas	6,4	28,7	38,3	6,4	20,2
Artes visuais	15,8	17,5	28,3	5,8	32,5
Música	22,8	25,0	16,3	0,0	35,9
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	12,6	35,6	26,4	4,6	20,7
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	19,0	22,2	31,0	3,2	24,6
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	12,6	20,7	32,2	5,7	28,7
Educación cultural	18,6	24,3	34,3	7,1	15,7
Actividades das administracións públicas	10,4	26,9	44,8	7,5	10,4
<b>Total</b>	<b>15,3</b>	<b>24,8</b>	<b>28,9</b>	<b>4,7</b>	<b>26,2</b>
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	16,4	28,6	28,2	4,9	21,9
Profesional autónomo	10,0	14,7	24,2	3,0	48,1
Administración pública	13,2	21,5	38,3	7,4	19,6
Entidade sen ánimo de lucro	19,7	24,5	26,9	3,0	25,9
<b>Total</b>	<b>15,3</b>	<b>24,8</b>	<b>28,9</b>	<b>4,7</b>	<b>26,2</b>
<i>Facturación en 2022</i>					
Menos de 50.000 €	14,3	21,6	23,1	4,9	36,0
De 50.000 € a 149.999 €	15,8	23,1	32,3	4,9	23,8
De 150.000 € a 499.999 €	15,7	30,3	31,3	5,2	17,5
500.000 € ou máis	17,0	30,3	37,6	3,2	11,9
Ns/Nc	14,7	19,2	22,1	3,2	40,7
<b>Total</b>	<b>15,3</b>	<b>24,8</b>	<b>28,9</b>	<b>4,7</b>	<b>26,2</b>

Fonte: Elaboración propia

Se ben un 57,1% das persoas enquisadas afirmaba coñecer os fondos Next Generation, só un 16,1% das entidades decidiu solicitalos. Delas, un 12,1% chegou a obtelos, mentres que foron denegados a un 4%.

**Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda con cargo aos fondos Next Generation**



Fonte: Elaboración propia

A análise en función da actividade específica, o tipo de entidade, a facturación e o volume de persoal revela que a porcentaxe de entidades que non solicitaron fondos Next Generation supera de forma clara en todos os segmentos a das que si os solicitaron, tanto se os obtiveron como se non, coa única excepción das administracións públicas, cuxa porcentaxe das que solicitaron e das que non se iguala nun 47,8%.

Existe un importante contraste na obtención de fondos Next Generation segundo a actividade específica desempeñada, pois, mentres que a porcentaxe das entidades ou empresas que os solicitaron e os obtiveron foi do 38,8% das administracións públicas, o 31% das bibliotecas e arquivos e o 23,4% das entidades dedicadas ao audiovisual, as porcentaxes caen por debaixo do 10% no caso das entidades dedicadas ás artes gráficas (4,5%), á edición de libros e publicacións periódicas (4,7%), ás artes visuais (5%), á música (6,5%) ou ao comercio de libros e publicacións periódicas (9,4%).

O contraste é tamén moi evidente segundo o tipo de entidade, pois solicitou e obtivo fondos Next Generation o 28,7% dos organismos das administracións públicas da mostra, fronte ao 4% das entidades sen ánimo de lucro, o 6,7% dos profesionais autónomos e o 11,1% das empresas.

A obtención destes fondos está moi condicionada polo tamaño da empresa ou entidade, tanto en termos de facturación como de volume de

persoal. Deste xeito, a porcentaxe das que solicitaron e obtiveron estes fondos vai do 7,8% das que non chegan aos 50.000 euros ao 26,6% das que chegan ou superan os 500.000 euros, así como do 0% das que só contan con persoal voluntario ao 22,6% das que teñen máis de dez empregados/as.

**Porcentaxe de entidades que solicitaron e/ou obtiveron algunha axuda con cargo aos fondos Next Generation**

	Solicitárona e obtivérona	Solicitárona e foilles denegada	Non a solicitaron	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	4,5	3,0	79,1	13,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	9,4	1,2	74,1	15,3
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	4,7	2,8	80,4	12,1
Audiovisual e actividades relacionadas	23,4	5,3	66,0	5,3
Artes visuais	5,0	2,5	71,7	20,8
Música	6,5	6,5	75,0	12,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	16,1	9,2	57,5	17,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	11,1	1,6	73,0	14,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	31,0	0,0	57,5	11,5
Educación cultural	15,7	8,6	62,9	12,9
Actividades das administracións públicas	38,8	9,0	47,8	4,5
<b>Total</b>	<b>12,1</b>	<b>4,0</b>	<b>69,7</b>	<b>14,2</b>
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	11,1	3,7	74,3	10,9
Profesional autónomo	6,7	2,9	66,9	23,5
Administración pública	28,7	3,5	55,3	12,5
Entidade sen ánimo de lucro	4,0	7,1	70,0	19,0
<b>Total</b>	<b>12,1</b>	<b>4,0</b>	<b>69,7</b>	<b>14,2</b>
<i>Facturación en 2022</i>				
Menos de 50.000 €	7,8	2,8	69,6	19,8
De 50.000 € a 149.999 €	9,8	4,7	73,5	12,0
De 150.000 € a 499.999 €	13,3	6,0	72,3	8,4
500.000 € ou máis	26,6	2,5	61,1	9,8
Ns/Nc	17,0	3,2	57,8	22,0
<b>Total</b>	<b>12,1</b>	<b>4,0</b>	<b>69,7</b>	<b>14,2</b>



<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>				
Ningún, só persoal voluntario	0	5,3	65,1	29,6
1 ou 2 empregados/as	9,3	3,0	70,6	17,0
De 3 a 5 empregados/as	9,6	4,2	76,5	9,7
De 6 a 10 empregados/as	14,4	4,2	66,7	14,7
Máis de 10 empregados/as	22,6	6,4	61,3	9,7
Ns/Nc	11,4	0,0	65,2	23,4
Total	12,1	4,0	69,7	14,2

Fonte: Elaboración propia

#### 4. Dixitalización

Como na pasada edición do *Barómetro*, préstase atención a catro indicadores cos que se trata de medir o avance no proceso de dixitalización das empresas e entidades da cultura galega.

O ámbito da publicidade e a comunicación dixital (incluídas as redes sociais) é no que avanzou unha maior porcentaxe de entidades culturais. Así, un 66,9% das entidades enquisadas desenvolveu algunha medida neste sentido, porcentaxe practicamente idéntica á recollida na anterior edición (7 décimas máis) e do que se prevía para 2022 (8 décimas máis). A aposta pola dixitalización da comunicación segue firme tamén nas expectativas para 2023, ano en que ten previsto realizar actuacións un 68,3% das entidades.

O segundo sector en que máis se progresou no esforzo de dixitalización é o da incorporación de equipamento técnico e software. Neste caso, realizou avances un 53,5% das entidades, 2,1 puntos porcentuais menos que no período 2020-2021 pero 3,5 máis do que se prevía en 2021 para 2022. As expectativas para 2023 son menores, pois un 49,4% das persoas responsables enquisadas prevé novos avances, porcentaxe que se sitúa na liña das previsións da anterior edición, pero por debaixo do efectivamente realizado en 2021-2022.

En terceiro lugar, realizou algún progreso na produción, creación ou venda de contidos dixitais un 50,4% das entidades enquisadas, polo que se sumou un punto porcentual á cifra das que avanzaran nese terreo en 2021 e se igualaron as expectativas que nesa edición se fixaran para 2022. As previsións para 2023 seguen a marcar un paulatino avance neste eido, ao situarse nun 51,7%.

Como na anterior edición, de novo volve ser a formación do persoal en materia de transformación dixital o ámbito en que menor porcentaxe

de entidades afirma que realizou avances, un 36,6%, o que supón 3,3 puntos menos que no período 2020-2021 e 5 puntos menos do previsto en 2021 para 2022. Para 2023 apréciase unha certa repunta neste esforzo formativo, pois un 39,6% das entidades prevé algún avance. Neste sentido, e tal e como xa se indicou na anterior edición do *Barómetro*, cabe sinalar que, se ben pode resultar ata certo punto contraditorio que os avances en formación vaian por detrás dos outros investimentos, hai que ter en conta que parte da xestión dixital pode estar externalizada e que a formación tamén puido realizarse con carácter previo ao período de tempo analizado.

**Porcentaxe de entidades que realizaron ou teñen previsto realizar en 2023 avances en materia de dixitalización**

	Realizados		Previstos	
	2020-2021	2021-2022	2022	2023
Publicidade/comunicación dixital (incluídas as redes sociais)	66,2	66,9	66,1	68,3
Equipamento técnico e software	55,6	53,5	50,0	49,4
Produción/creación/venda de contidos dixitais	49,4	50,4	50,3	51,7
Formación do persoal en transformación dixital	39,9	36,6	41,6	39,6

Fonte: Elaboración propia

Na análise segmentada destes indicadores compróbase que as actuacións en materia de publicidade/comunicación dixital superan o 50% en todos os segmentos delimitados en función da actividade específica, coa única excepción das artes gráficas, onde non pasa do 31,3%. No extremo contrario sitúanse as entidades dedicadas á educación cultural e as administracións públicas (90% e 89,6% respectivamente). Tamén presentan porcentaxes por riba do 70% as entidades vinculadas á música, ao resto das artes escénicas, á edición de libros e aos museos. Ese maior protagonismo dos organismos públicos e dos dedicados á educación cultural, entre os que tamén abundan as entidades dependentes dalgunha administración, anticipa que as institucións oficiais acometeron o maior esforzo dixitalizador en materia de publicidade e comunicación dixital entre 2021 e 2022, xa que avanzou neste terreo o 86,1% dos organismos enquisados, fronte ao 58,3% dos profesionais autónomos e o 61,7% das empresas da mostra.

Os avances en publicidade e comunicación dixital tamén están condicionados polo tamaño da entidade, tanto en termos de facturación como de volume de persoal. Deste xeito, a porcentaxe de entidades que progresaron neste terreo foi maior canto maior é o seu treito de facturación ou

orçamento (o 63,3% das que se sitúan no segmento de menos de 50.000 euros e o 80,7% do de 500.000 euros en diante) e tamén o seu número de empregados/as (do 55% das entidades sen persoal contratado —só voluntariado— ao 86,2% das que contan con máis de dez profesionais no cadro de persoal).

A previsión para 2023 mostra unha distribución moi similar, xa que as porcentaxes máis elevadas se observan entre as entidades vinculadas á educación cultural e ás actividades das administracións públicas, cunhas expectativas tamén moi superiores entre as empresas con maior facturación ou orzamento e maior volume de persoal.

**Porcentaxe de entidades que realizaron ou teñen previsto realizar en 2023 avances en materia de dixitalización (publicidade/comunicación, incluídas as redes sociais)**

	Realizados en 2021-2022	Previstos para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	31,3	35,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	52,9	49,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	73,8	72,9
Audiovisual e actividades relacionadas	56,4	60,6
Artes visuais	66,7	72,5
Música	78,3	77,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	74,7	78,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	77,8	70,6
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	62,1	64,4
Educación cultural	90,0	84,3
Actividades das administracións públicas	89,6	83,6
<b>Total</b>	<b>66,9</b>	<b>68,3</b>
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	61,7	63,3
Profesional autónomo	58,3	68,5
Administración pública	86,1	80,2
Entidade sen ánimo de lucro	77,2	75,4
<b>Total</b>	<b>66,9</b>	<b>68,3</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	63,3	68,4
De 50.000 € a 149.999 €	64,1	66,0
De 150.000 € a 499.999 €	68,0	66,5
500.000 € ou máis	80,7	75,1
Ns/Nc	72,7	73,5
<b>Total</b>	<b>66,9</b>	<b>68,3</b>

<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	55,0	59,2
1 ou 2 empregados/as	59,4	64,9
De 3 a 5 empregados/as	62,2	65,2
De 6 a 10 empregados/as	77,1	71,7
Máis de 10 empregados/as	86,2	81,0
Ns/Nc	77,1	63,5
Total	66,9	68,3

Fonte: Elaboración propia

En canto á incorporación de equipamento técnico e software, o segmento do cruzamento por actividade no que maior porcentaxe de entidades fixeron avances no último ano foi o do audiovisual (70,2%), seguido do dedicado ás actividades das administracións públicas (65,7%) e á edición de libros e publicacións periódicas (62,6%). Estas porcentaxes redúcense á metade no caso das entidades relacionadas co comercio de libros (28,2%) ou a música (33,7%). Por tipo de entidade, compróbese que unicamente as entidades sen ánimo de lucro presentan porcentaxes inferiores ao 55%, concretamente non pasan do 35,6%.

Ao igual que no resto de indicadores que miden o avance do proceso de dixitalización entre as entidades do sector cultural galego, a porcentaxe de empresas que investiron en equipamento técnico e software é máis elevada entre as de maior facturación ou orzamento (75,7%, fronte ao 42,9% das do treito económico máis baixo). Este investimento é tamén máis habitual canto maior é o volume de persoal (do 22,6% das entidades sen persoal contratado ao 72,9% das que teñen máis de dez empregados/as).

As expectativas para 2023 relativas aos avances na dixitalización mediante a aposta polo equipamento técnico e o software reproducen as tendencias xa comentadas para 2022.

**Porcentaxe de entidades que realizaron ou teñen previsto realizar en 2023 avances en materia de dixitalización (equipamento técnico e software)**

	Realizados en 2021-2022	Previstos para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	44,8	47,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	28,2	31,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	62,6	59,8
Audiovisual e actividades relacionadas	70,2	62,8
Artes visuais	55,8	45,0
Música	33,7	32,6
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	48,3	57,5
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	42,1	38,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	46,0	46,0
Educación cultural	50,0	52,9
Actividades das administracións públicas	65,7	61,2
<b>Total</b>	<b>53,5</b>	<b>49,4</b>
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	55,6	51,0
Profesional autónomo	55,9	48,4
Administración pública	59,4	57,2
Entidade sen ánimo de lucro	35,6	34,9
<b>Total</b>	<b>53,5</b>	<b>49,4</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	42,9	39,2
De 50.000 € a 149.999 €	55,8	45,2
De 150.000 € a 499.999 €	55,5	59,4
500.000 € ou máis	75,7	72,5
Ns/Nc	59,7	49,5
<b>Total</b>	<b>53,5</b>	<b>49,4</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	22,6	10,6
1 ou 2 empregados/as	45,6	41,3
De 3 a 5 empregados/as	54,8	48,5
De 6 a 10 empregados/as	58,3	62,5
Máis de 10 empregados/as	72,9	69,2
Ns/Nc	52,1	39,4
<b>Total</b>	<b>53,5</b>	<b>49,4</b>

Fonte: Elaboración propia

Se se analizan os avances en materia de produción, creación e venda de contidos dixitais por actividade, destacan as entidades dedicadas ao audiovisual (63,8%), ás artes visuais (61,7%) e á edición de libros e publicacións periódicas (59,8%). Como no caso da publicidade e a comunicación dixital, tamén neste ámbito son os segmentos dedicados ás artes gráficas

é ao comercio de libros e publicacións periódicas nos que menor porcentaxe de entidades realizou avances (20,9% e 11,8% respectivamente). Unha vez máis, a taxa de organizacións que aplicaron algunha iniciativa nesta cuestión é maior canto maior é a súa facturación e tamén se impón entre as de maior volume de persoal (60,3% nas que teñen máis de dez persoas empregadas, fronte ao 18,9% das que só contan con voluntariado).

O mesmo esquema que se describe con respecto á aplicación de medidas de dixitalización nesta materia durante 2022 reproducése no caso das expectativas para 2023. Así, ao considerar a variable de actividade específica, os segmentos en que maior porcentaxe de entidades prevé avances son os das artes visuais (63,3%), a edición de libros e publicacións periódicas (61,7%) e o audiovisual (58,5%). De novo, percíbense notables diferenzas cos segmentos do comercio de libros e publicacións periódicas (14,1%) e as artes gráficas (34,3%). Do mesmo xeito, a expectativa de iniciativas neste terreo é maior canto maior é a facturación ou orzamento da entidade e, por volume de persoal contratado, destacan aquelas que se atopan no treito de máis de dez persoas empregadas.

**Porcentaxe de entidades que realizaron ou teñen previsto realizar en 2023 avances en materia de dixitalización (produción/creación/venta de contidos dixitais)**

	Realizados en 2021-2022	Previstos para 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	20,9	34,3
Comercio de libros e publicacións periódicas	11,8	14,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	59,8	61,7
Audiovisual e actividades relacionadas	63,8	58,5
Artes visuais	61,7	63,3
Música	41,3	46,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	37,9	41,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	46,8	43,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	33,3	35,6
Educación cultural	51,4	52,9
Actividades das administracións públicas	44,8	44,8
<b>Total</b>	<b>50,4</b>	<b>51,7</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	46,7	48,8
De 50.000 € a 149.999 €	47,5	48,8
De 150.000 € a 499.999 €	52,3	53,5
500.000 € ou máis	65,7	63,9
Ns/Nc	50,5	53,8
<b>Total</b>	<b>50,4</b>	<b>51,7</b>

<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	18,9	15,4
1 ou 2 empregados/as	50,4	50,8
De 3 a 5 empregados/as	45,1	47,1
De 6 a 10 empregados/as	53,2	56,4
Máis de 10 empregados/as	60,3	62,9
Ns/Nc	48,2	45,3
Total	50,4	51,7

Fonte: Elaboración propia

Os segmentos de cruzamento por actividade específica nos que maior porcentaxe de entidades acometeu avances durante 2021 e 2022 en materia de formación do persoal en transformación dixital son os dedicados á educación cultural (58,6%), ás actividades das administracións públicas (47,8%) e á edición de libros e publicacións periódicas (43%), mentres que entre os dedicados ao comercio de libros e publicacións periódicas, á música e ás artes gráficas as porcentaxes se sitúan por debaixo do 25%.

Este eido da dixitalización volve mostrar a mellor situación das administracións públicas, pois realizou avances o 52,8% das enquisadas, valor que oscila entre o 30% e o 35% nos demais tipos de entidade. Finalmente, tamén resulta un ámbito máis transitado canto maior é o volume de facturación ou orzamento (do 31,1% do treito económico máis baixo ao 59,1% do máis elevado) e maior é o volume de persoal (do 5,3% das entidades sen persoal contratado ao 54,3% das que teñen máis de dez persoas no cadro de persoal).

O esquema volve repetirse no caso das expectativas para 2023, pois en función da actividade desenvolta son os segmentos da educación cultural, a edición de libros e publicacións periódicas e as actividades das administracións públicas os que en maior medida prevén avances (valores entre o 47,8% e o 51,4%), o que contrasta coas peores previsións, que se sitúan por debaixo do 25% entre os sectores do comercio de libros e publicacións periódicas e da música. No cruzamento por tipo de entidade, as maiores expectativas son as observadas polas administracións públicas, xa que o 51,5% delas prevé avances, fronte ao 27,2% das entidades sen ánimo de lucro. Tamén se rexistran mellores datos canto maior é a facturación ou orzamento da entidade (do 30,1% do treito máis baixo ao 60,8% do máis alto) e maior é o seu volume de persoal (do 7% das entidades con só persoal voluntario ao 56,9% das que teñen máis de dez persoas contratadas).



**Porcentaxe de entidades que realizaron ou teñen previsto realizar en 2023 avances en materia de dixitalización (formación do persoal en transformación dixital)**

	Realizados en 2021-2022	Previstos en 2023
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	22,4	32,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	18,8	21,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	43,0	48,6
Audiovisual e actividades relacionadas	38,3	44,7
Artes visuais	35,0	38,3
Música	21,7	22,8
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	32,2	42,5
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	32,5	32,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	37,9	37,9
Educación cultural	58,6	51,4
Actividades das administracións públicas	47,8	47,8
<b>Total</b>	<b>36,6</b>	<b>39,6</b>
<i>Tipo de entidade</i>		
Empresa	35,0	41,1
Profesional autónomo	31,7	33,8
Administración pública	52,8	51,5
Entidade sen ánimo de lucro	30,8	27,2
<b>Total</b>	<b>36,6</b>	<b>39,6</b>
<i>Facturación en 2022</i>		
Menos de 50.000 €	31,1	30,1
De 50.000 € a 149.999 €	31,8	38,9
De 150.000 € a 499.999 €	36,3	42,9
500.000 € ou máis	59,1	60,8
Ns/Nc	53,5	51,1
<b>Total</b>	<b>36,6</b>	<b>39,6</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	5,3	7,0
1 ou 2 empregados/as	30,0	34,3
De 3 a 5 empregados/as	34,7	36,8
De 6 a 10 empregados/as	40,6	47,3
Máis de 10 empregados/as	54,3	56,9
Ns/Nc	57,7	34,8
<b>Total</b>	<b>36,6</b>	<b>39,6</b>

Fonte: Elaboración propia

Da análise segmentada destes catro indicadores da dixitalización das empresas e entidades do sector cultural pódense extraer algunhas tendencias comúns. En función da actividade específica, compróbase que as relacionadas coas actividades das administracións públicas, o audiovisual, as artes visuais e a edición de libros son as que presentan as porcentaxes máis




elevadas de dixitalización, mentres que as vinculadas coas artes gráficas e co comercio de libros e publicacións periódicas destacan por presentar as taxas máis baixas de avances en dixitalización, tanto os xa realizados como os previstos.

Ao analizar os datos por tamaño das entidades, obsérvanse maiores porcentaxes de execución e de expectativas para o futuro canto máis elevado é o nivel de facturación ou orzamento da entidade e maior é o seu volume de persoal.

## 5. Internacionalización

Un 25,5% das entidades do sector cultural afirma que durante 2022 levou a cabo algunha acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda fóra de España, é dicir, no mercado internacional. Esta porcentaxe supera en 4,4 puntos porcentuais a rexistrada na anterior edición do estudo.

### Porcentaxe de entidades que realizaron nos últimos anos algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional



Fonte: Elaboración propia

En función da actividade específica, compróbase que tres segmentos destacan sobre os demais, con porcentaxes por riba do 33%. Así, as entidades que en maior medida afirman que levaron a cabo accións orientadas á internacionalización durante 2022 son as dedicadas ao audiovisual (38,3%), á

edición de libros e publicacións periódicas (34,6%) e ao teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas (33,3%). Nun segundo chanzo de orientación cara ao mercado internacional situaríanse as entidades vinculadas á música e aos museos, pois ambos os dous segmentos se aproximan ao 30%. No extremo contrario sitúanse as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas e as bibliotecas e arquivos, con porcentaxes de resposta afirmativa inferiores ao 6%.

**Porcentaxe de entidades que realizaron nos últimos anos algún tipo de acción dirixida a incrementar a súa produción ou venda no mercado internacional**

Artes gráficas e actividades relacionadas	17,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	5,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	34,6
Audiovisual e actividades relacionadas	38,3
Artes visuais	23,3
Música	29,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	33,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	29,4
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	5,7
Educación cultural	25,7
Actividades das administracións públicas	23,9
Total	25,5


Fonte: Elaboración propia

Pola natureza da súa actividade, moitas das entidades dedicadas á cultura poden contar con público internacional, mesmo sen realizaren accións positivas encamiñadas a esta finalidade. Por iso, se ben só o 25,5% delas levou a cabo iniciativas dirixidas a incrementar a súa produción para o público estranxeiro, unicamente o 26,8% sitúa no 0% o peso das persoas estranxeiras entre o seu público (6 puntos porcentuais menos que en 2021). Con todo, a esta cifra posiblemente habería que engadir boa parte do 38,5% das entidades que se decantaron por non contestar a esta cuestión, ao non dispoñeren de datos obxectivos.

En todo caso, un 34,7% das entidades enquisadas manifesta que parte da súa clientela ou usuarios durante 2022 proviña de fóra de España. Destas, un 25,3% ten unha taxa de público estranxeiro de entre un 1% e un 24%. Os demais treitos de porcentaxe de público estranxeiro presentan índices inferiores a un 4%, proporción que se vai reducindo conforme soben os treitos porcentuais.



### Porcentaxe de entidades segundo a porcentaxe de clientela ou usuarios externos que teñen as súas actividades



Fonte: Elaboración propia

Se en lugar de analizar treitos porcentuais se manexasen directamente as respostas numéricas das persoas entrevistadas, poderíase calcular a media de clientes ou usuarios estranxeiros das entidades e empresas da cultura galega, que se sitúa nun 11,34%, valor lixeiramente superior ao 10,55% de 2021. Froito da importante disparidade das respostas, obtívose unha elevada desviación típica asociada a estes valores medios.

### Porcentaxe media de clientela ou usuarios externos que teñen as entidades

	2021	2022
Media	10,55	11,34
Desviación típica	21,56	19,97

Fonte: Elaboración propia

A carencia en moitas das entidades dalgún tipo de indicador que permita cuantificar ou, cando menos, estimar o público internacional favorece que haxa porcentaxes elevadas da resposta «Ns/Nc», en especial en determinados segmentos. Con todo, resulta especialmente elevada nalgúns en que *a priori* non cabería esperar un importante volume de público estranxeiro, o que induce a pensar que parte importante desa resposta podería materializarse en posicións moi próximas ao 0%. Ao recollese menos respostas próximas ao 0% das oportunas, o peso porcentual dos demais valores resulta relativamente maior, polo que se incrementan os valores medios da produción consumida polo mercado internacional. O exemplo paradigmático desta situación é o que acontece coas bibliotecas e arquivos, xa que o

indicador recolle uns valores de demanda por parte de público estranxeiro relativamente elevados (24%), pero esta porcentaxe está fortemente condicionada polo feito de que un 63,2% das entidades dese segmento opta pola resposta «Ns/Nc» a esta cuestión.

A análise segmentada dos treitos porcentuais de público estranxeiro pon de manifesto a importancia da non-resposta no conxunto da táboa de cruzamentos, pero moi especialmente nalgúns segmentos. Así, o cruzamento por actividade específica mostra porcentaxes de non-resposta superiores ao 50%, non só no citado caso das bibliotecas e arquivos, senón tamén no das entidades dedicadas ás actividades das administracións públicas ou ao comercio de libros e publicacións periódicas.

Xunto coa relevancia porcentual da resposta «Ns/Nc» en determinados segmentos, a táboa permite comprobar que os ámbitos do audiovisual e da edición de libros son os que en maior medida logran penetrar nos mercados internacionais, xa que, cando se presta atención ao volume de respostas que indican que o público internacional supón a metade ou máis do total do público, presentan valores moi superiores aos restantes segmentos: 15,9% no caso das entidades dedicadas ao audiovisual e 11,2% no caso das dedicadas á edición de libros e publicacións periódicas. Por último, tamén se pode comprobar que esta porcentaxe é notablemente superior entre as entidades do treito de facturación máis alto.

**Porcentaxe de entidades segundo a porcentaxe de clientela ou usuarios externos que teñen as súas actividades**

	0%	1% - 24%	25% - 49%	50% - 74%	75% - 99%	100%	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>							
Artes gráficas e actividades relacionadas	44,8	31,3	1,5	3,0	0,0	0,0	19,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	30,6	16,5	0,0	1,2	0,0	0,0	51,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	22,4	29,9	2,8	8,4	2,8	0,0	33,6
Audiovisual e actividades relacionadas	27,7	28,7	7,4	8,5	5,3	2,1	20,2
Artes visuais	30,8	21,7	2,5	2,5	0,0	0,8	41,7
Música	15,2	25,0	7,6	2,2	0,0	0,0	50,0
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	28,7	28,7	3,4	2,3	1,1	0,0	35,6

Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	11,9	44,4	11,1	4,0	0,8	0,0	27,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	12,6	14,9	3,4	4,6	1,1	0,0	63,2
Educación cultural	21,4	24,3	4,3	0,0	0,0	0,0	50,0
Actividades das administracións públicas	19,4	22,4	4,5	0,0	0,0	0,0	53,7
<b>Total</b>	<b>26,8</b>	<b>25,3</b>	<b>3,9</b>	<b>3,7</b>	<b>1,2</b>	<b>0,6</b>	<b>38,5</b>
<i>Facturación en 2022</i>							
Menos de 50.000 €	20,4	21,6	3,3	4,5	0,7	0,0	49,5
De 50.000 € a 149.999 €	30,7	25,7	3,8	1,9	1,1	1,0	35,8
De 150.000 € a 499.999 €	35,5	28,6	4,7	2,4	2,2	0,0	26,6
500.000 € ou máis	19,0	30,2	5,7	6,9	1,4	2,9	33,8
Ns/Nc	30,7	24,1	2,0	6,3	0,0	0,0	36,9
<b>Total</b>	<b>26,8</b>	<b>25,3</b>	<b>3,9</b>	<b>3,7</b>	<b>1,2</b>	<b>0,6</b>	<b>38,5</b>

Fonte: Elaboración propia

En consonancia co que se acaba de expoñer, cando se analizan as porcentaxes medias declaradas de consumo por parte de público internacional, son as entidades do audiovisual (20,53%) e da edición de libros (16,08%) as que presentan os maiores índices. Esta segmentación mostra tamén que o 15,09% dos usuarios de bibliotecas e arquivos é internacional, pero, como xa se indicou, esta cifra pode estar condicionada pola elevada porcentaxe de non-resposta a esta variable entre este tipo de entidades, o que podería reducir o número de casos con respostas próximas ao 0% e, polo tanto, incrementar o peso relativo das que si rexistran unha maior porcentaxe de público estranxeiro. Por último, cabe sinalar que as entidades dedicadas ás artes gráficas e ao comercio de libros e publicacións periódicas son as que contan con menor porcentaxe media de público internacional (o 4,65% e o 3,71%, respectivamente).

Outro cruzamento significativo na análise estatística desta variable é o que discrimina as entidades segundo a súa facturación ou orzamento, o cal pon de manifesto que o segmento máis elevado, de 500.000 euros en diante, é o que conta cunha maior porcentaxe media de público estranxeiro (18,10%, fronte a valores entre o 9,92% e o 11,33% dos demais treitos).



**Porcentaxe media de clientela ou usuarios externos**

	Porcentaxe media
<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	4,65
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,71
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	16,08
Audiovisual e actividades relacionadas	20,53
Artes visuais	8,13
Música	12,13
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	9,27
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	14,38
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	15,09
Educación cultural	6,69
Actividades das administracións públicas	6,39
<b>Total</b>	<b>11,34</b>
<i>Facturación en 2022</i>	
Menos de 50.000 €	11,33
De 50.000 € a 149.999 €	9,92
De 150.000 € a 499.999 €	9,92
500.000 € ou máis	18,10
Ns/Nc	10,48
<b>Total</b>	<b>11,34</b>


Fonte: Elaboración propia

## 6. O papel das administracións públicas

As entidades da cultura galega suspenden os tres niveis da Administración pública á hora de valorar, nunha escala de 0 a 10, o apoio que estas lles prestan. No caso do Estado, esta puntuación é dun 3,42, polo que resulta ser o peor puntuado e o único que non chega ao 4. Séguelle o nivel local (concellos e deputacións), que recibe un 4,41. A Administración autonómica é a que obtén a mellor puntuación, aínda que non aproba (4,67).

Estas cifras son moi similares ás recollidas no pasado *Barómetro*, polo que se reproduce o mesmo esquema de valoración dos tres niveis. En todo caso, e como xa se indicou na anterior edición, á hora de valorar estes datos cómpre ter en conta que un 15% das entidades enquisadas son de titularidade pública, fundamentalmente vinculadas ás administracións local e autonómica e, en moita menor medida, á estatal.

**Valoración do apoio prestado aos sectores culturais por parte das administracións estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (escala do 0 a 10)**



Fonte: Elaboración propia

Segundo a actividade específica, o nivel estatal é o peor valorado, con puntuacións inferiores a 4,5 en todos os segmentos. No caso da valoración dos apoios nos niveis autonómico e local, conseguen o «aprobado» aqueles segmentos en que predominan as entidades dependentes dalgunha Administración. Deste xeito, o apoio da Administración autonómica é valorado con máis de 5 puntos polas entidades dedicadas a actividades das administracións, polas bibliotecas e arquivos e polas entidades dedicadas aos museos, ás que habería que engadir as entidades da educación cultural, no caso do apoio dos entes locais. A Administración autonómica recibe tamén o «aprobado» do segmento do audiovisual e do teatro, a danza, os espectáculos e actividade auxiliares das artes escénicas. Entre os segmentos máis críticos cos tres niveis destacan as entidades vinculadas coas artes gráficas e as do comercio de libros, xustamente os dous segmentos que achegaban peores datos á hora de xulgar a evolución ao longo de 2022.

En coherencia co observado nesta análise por actividade, o cruzamento por tipo de entidade mostra que o segmento constituído polas entidades pertencentes á Administración pública é o que achega as mellores puntuacións, das que destaca o 5,47 recibido polo nivel autonómico e o 6,18 das administracións locais. As entidades sen ánimo de lucro tamén aproban o apoio destes dous niveis, mentres que empresas e autónomos

suspenden con claridade o apoio recibido por parte das tres administracións. De feito, os profesionais autónomos son especialmente críticos, pois outorgan puntuacións por debaixo do 4 ás tres administracións e, no caso do labor da Administración local, a valoración baixa ata o 3,20.

**Valoración media do apoio prestado aos sectores culturais por parte das administracións estatal, autonómica e local (concellos e deputacións) (escala do 0 ao 10)**

	Estatal	Autonómica	Local
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	2,45	3,68	2,83
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,81	4,55	3,66
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,94	4,36	4,03
Audiovisual e actividades relacionadas	4,15	5,18	4,36
Artes visuais	3,45	4,32	3,94
Música	2,44	4,33	4,79
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,04	5,16	4,99
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,50	5,31	5,97
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	4,41	5,70	5,69
Educación cultural	3,79	4,82	5,22
Actividades das administracións públicas	2,96	5,95	7,46
<b>Total</b>	<b>3,42</b>	<b>4,67</b>	<b>4,41</b>
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresa	3,30	4,57	4,08
Profesional autónomo	3,45	3,96	3,20
Administración pública	3,92	5,47	6,18
Entidade sen ánimo de lucro	3,39	5,09	5,27
<b>Total</b>	<b>3,42</b>	<b>4,67</b>	<b>4,41</b>

Fonte: Elaboración propia

Como na pasada edición, ante a pregunta sobre que accións deberían adoptar de forma prioritaria as administracións públicas para favorecer o sector cultural, a resposta máis habitual volveu ser a do incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (citouna o 59,5% da mostra, 2,4 puntos porcentuais máis que en 2021).

A segunda resposta máis habitual é a das axudas fiscais, que, ao incrementar en 5,2 puntos a súa mención con respecto a 2021, se sitúa agora en segunda posición, relegando á terceira as axudas directas ou subvencións a fondo perdido, mencionadas nesta ocasión polo 46,4% da mostra (1,8 puntos menos que en 2021). Deste xeito, e máis aló do intercambio de posicións da segunda e terceira respostas máis citadas, volven ser estas tres as accións prioritarias ao xuízo das entidades da cultura galega.



Tras elas e na mesma orde que en 2021 (de maior a menor porcentaxe de mención), sitúanse a axuda ou impulso á dixitalización do sector (25,9%), a flexibilización do mercado laboral (23,1%, o que supón 6,3 puntos máis que en 2021 e, polo tanto, a resposta que mostra maior incremento) e a mellora da protección da propiedade intelectual (14,7%).

**Porcentaxe de entidades segundo as accións das administracións públicas que consideran prioritarias para favorecer o sector cultural (resposta múltiple)**

	2021	2022
Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (libros, cine, TV, concertos, teatro etc.)	57,1	59,5
Axudas fiscais (bonificacións/deducións)	43,3	48,5
Axudas directas / subvencións a fondo perdido	48,2	46,4
Axuda ou impulso á dixitalización no sector	29,0	25,9
Flexibilización do mercado laboral	16,8	23,1
Mellora da protección da propiedade intelectual	15,7	14,7
Outras	6,8	6,6
Ns/Nc	2,0	3,0

Fonte: Elaboración propia

Na análise por actividade específica, a porcentaxe de entidades que demandan o incremento do gasto público en produtos e servizos culturais só baixa do 50% no segmento das artes gráficas (43,3%), mentres que supera o 70% no das actividades das administracións públicas (71,6%) e no teatro e demais actividades relacionadas coas artes escénicas (70,1%). Por tipo de entidade, os autónomos e as administracións públicas móstranse como os máis favorables a este tipo de accións.

A porcentaxe de mención das axudas fiscais baixa do 40% entre as entidades vinculadas ás bibliotecas e arquivos (39,1%) e entre os museos e actividades relacionadas (32,5%), mentres que supera o 50% entre as que compoñen os segmentos das artes gráficas (56,7%), o audiovisual (55,3%) e as artes visuais (50,8%). A análise por tipo de entidade mostra unha maior demanda destas axudas por parte do sector empresarial, xa que as pide o 53,1% das empresas e o 47,7% dos profesionais autónomos.

As axudas directas son mencionadas como accións prioritarias polo 60,9% das entidades dedicadas á música e polo 58,6% das de educación cultural. Pola contra, non pasa do 32,9% entre as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas. Nos demais segmentos oscila entre o 41% e o 54%. Por tipo de entidade, son as organizacións sen de ánimo de lucro as que en maior medida solicitan estas accións (o 60,5%, fronte a porcentaxes por debaixo do 50% nos tres tipos de organización restantes).



**Porcentaxe de entidades segundo as accións das administracións públicas que consideran prioritarias para favorecer o sector cultural (resposta múltiple)**

	Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais	Axudas fiscais (bonificacións/deducións)	Axudas directas / subvencións a fondo perdido	Axudas/impulso á dixitalización no sector	Flexibilización do mercado laboral	Mellora da protección da propiedade intelectual	Outras	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>								
Artes gráficas e actividades relacionadas	43,3	56,7	41,8	13,4	26,9	13,4	1,5	3,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	56,5	49,4	32,9	17,6	15,3	12,9	7,1	5,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	66,4	45,8	41,1	26,2	15,9	15,9	9,3	1,9
Audiovisual e actividades relacionadas	60,6	55,3	48,9	24,5	21,3	8,5	10,6	3,2
Artes visuais	57,5	50,8	43,3	29,2	29,2	21,7	5,0	1,7
Música	57,6	45,7	60,9	18,5	23,9	7,6	4,3	3,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	70,1	49,4	52,9	14,9	16,1	8,0	5,7	2,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	63,5	32,5	48,4	31,7	16,7	10,3	9,5	4,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	65,5	39,1	47,1	33,3	14,9	16,1	3,4	9,2
Educación cultural	58,6	40,0	58,6	31,4	30,0	12,9	4,3	2,9
Actividades das administracións públicas	71,6	49,3	53,7	28,4	11,9	7,5	11,9	3,0
<b>Total</b>	<b>59,5</b>	<b>48,5</b>	<b>46,4</b>	<b>25,9</b>	<b>23,1</b>	<b>14,7</b>	<b>6,6</b>	<b>3,0</b>
<i>Tipo de entidade</i>								
Empresa	55,6	53,1	42,2	26,7	26,0	14,8	4,4	3,1
Profesional autónomo	68,7	47,7	45,5	18,1	14,8	18,4	13,4	1,9
Administración pública	69,6	39,7	49,9	29,1	19,5	11,8	5,8	5,6
Entidade sen ánimo de lucro	53,8	40,4	60,5	28,1	24,9	13,5	8,5	0,9
<b>Total</b>	<b>59,5</b>	<b>48,5</b>	<b>46,4</b>	<b>25,9</b>	<b>23,1</b>	<b>14,7</b>	<b>6,6</b>	<b>3,0</b>


Fonte: Elaboración propia

Dentro deste capítulo dedicado ao papel das administracións públicas, incluíronse nesta edición tres indicadores destinados a valorar o impacto das medidas de estímulo do consumo denominadas «bonos culturais»<sup>1</sup>, que consistiron en outorgar axudas directas que se podían facer efectivas nas

<sup>1</sup> En 2022 houbo dúas medidas deste tipo: a coñecida como Bono Cultural Joven, promovido polo Ministerio de Cultura y Deporte do Goberno de España, e o Bono Cultura, subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

empresas que estivesen adheridas previamente. En primeiro lugar, indagouse sobre o grao de adhesión das entidades culturais a estas medidas e obtívose como resultado que o 9,3% das entidades da mostra se adheriu a algunha destas iniciativas, se ben, como se poderá comprobar a continuación, esta porcentaxe é moi dispar en función do sector específico de actividade.

**Porcentaxe de empresas/entidades adheridas aos bonos culturais en 2022**



Fonte: Elaboración propia

A táboa de segmentación mostra con claridade como a adhesión a esta medida se concentrou principalmente nas entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (58,8%), porcentaxe que se sitúa por debaixo do 9% no resto de segmentos do cruzamento por actividade específica.




**Porcentaxe de entidades adheridas aos bonos culturais en 2022**

	Si	Non	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	6,0	91,0	3,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	58,8	38,8	2,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	8,4	87,9	3,7
Audiovisual e actividades relacionadas	5,3	92,6	2,1
Artes visuais	5,0	94,2	0,8
Música	0,0	97,8	2,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	4,6	93,1	2,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	4,8	92,1	3,2
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	1,1	94,3	4,6
Educación cultural	4,3	92,9	2,9
Actividades das administracións públicas	4,5	92,5	3,0
Total	9,3	88,5	2,2

Fonte: Elaboración propia

Ás entidades adheridas pedíuselles unha valoración sobre como repercutiron nelas os bonos culturais. O resultado é claramente positivo, pois sete de cada dez afirmaron que esta iniciativa tivo unha repercusión positiva (42,3%) ou moi positiva (27,8%), mentres que só o 3,4% apuntou que tivera algún efecto negativo. Por último, o 21,1% sinalou que a súa adhesión a esta iniciativa non lle supuxo ningún cambio.

**Porcentaxe de entidades adheridas a bonos culturais en 2022 segundo a súa opinión sobre a repercusión que tiveron nelas**



Fonte: Elaboración propia

*Variable filtrada. Aplícase só ás entidades adheridas*

Entre as entidades vinculadas ao comercio de libros e publicacións periódicas, que foron as únicas que se adheriron a esta medida de xeito maioritario, a porcentaxe que valora positivamente esta medida acada un 96%: un 54% valóraa positivamente e un 42% moi positivamente. No resto de segmentos non se pode realizar unha lectura estatisticamente significativa ao carecer dun número suficiente de casos.

Ademais de coñecer a repercusión dos bonos culturais sobre as propias entidades adheridas, quíxose determinar a valoración que lles merecía ás persoas entrevistadas o impacto desta medida sobre o conxunto do sector cultural. Os resultados volven ofrecer un balance favorable, pois consideran que tivo un efecto positivo un 66,3% delas: un 56,4% cre que foi positivo e un 9,9% moi positivo. No extremo contrario, só un 4,3% sinalou que lle producira algún efecto negativo, mentres que un 19,2% considerou que os bonos non afectaron ao sector de ningunha maneira, o que, en certo sentido, tamén se pode considerar como unha valoración negativa desta medida.



**Entidades adheridas aos bonos culturais en 2022 segundo a súa opinión sobre a repercusión que tiveron nelas (con independencia de se se adheriron ou non)**

	Porcentaxe
Moi negativa	1,4
Negativa	2,9
Ningunha, non lle afectou	19,2
Positiva	56,4
Moi positiva	9,9
Ns/Nc	10,3

Fonte: Elaboración propia

Se ben a adhesión aos bonos estivo moi determinada pola actividade á que se dedican as distintas entidades que compoñen a mostra, xa que se adheriron principalmente as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas, ao preguntarlles pola repercusión que lle atribúen non só para as propias entidades senón para o conxunto do sector cultural, o balance é claramente favorable en todos os sectores de actividade.

A segmentación por actividade específica revela porcentaxes de resposta favorable que acadan ou superan o 70% nos segmentos das entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas (74,1%), á educación cultural (72,9%), ás actividades das administracións públicas (70,1%) e ás artes visuais (70%). No resto dos segmentos as porcentaxes mantéñense por riba do 56%.

**Porcentaxe de entidades, por actividade específica, segundo a súa opinión sobre a repercusión que tiveron os bonos culturais no conxunto do sector cultural (con independencia de se se adheriron ou non)**

	Moi negativa	Negativa	Ningunha, non lle afectou	Positiva	Moi positiva	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	1,5	10,4	19,4	46,3	10,4	11,9
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,4	2,4	15,3	50,6	23,5	5,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,7	3,7	15,9	58,9	6,5	11,2
Audiovisual e actividades relacionadas	3,2	2,1	29,8	46,8	9,6	8,5
Artes visuais	0,0	2,5	14,2	63,3	6,7	13,3
Música	1,1	4,3	15,2	59,8	0,0	19,6
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	1,1	2,3	21,8	59,8	4,6	10,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	1,6	0,0	27,0	48,4	14,3	8,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	1,1	3,4	19,5	54,0	12,6	9,2
Educación cultural	0,0	1,4	21,4	58,6	14,3	4,3
Actividades das administracións públicas	3,0	1,5	19,4	59,7	10,4	6,0
Total	1,4	2,9	19,2	56,4	9,9	10,3

Fonte: Elaboración propia

## 7. Impacto do Xacobeo 2021-2022

Dado que o Ano Santo 2021 se estendeu, excepcionalmente polas consecuencias da pandemia da COVID-19, ao ano 2022, nesta edición do *Barómetro* volveuse preguntar polo impacto xerado por este acontecemento.

Ao igual que en 2021, a maioría das entidades consultadas considera que o Xacobeo non produciu en 2022 ningún impacto na súa entidade (61%), cifra 8,5 puntos porcentuais inferior á obtida nesta resposta en 2021. Incrementouse, en cambio, a porcentaxe de entidades que apreciaron un efecto positivo ou moi positivo, xa que pasaron do 26,8% ao 34,5% as entidades que así o xulgaron.

Ademais do impacto sobre a entidade, nesta edición do *Barómetro* quíxose coñecer tamén o impacto que as persoas entrevistadas consideran que tivo o Xacobeo no conxunto do sector cultural galego. Neste caso, e

considerando conxuntamente as dúas categorías máis favorables de resposta, comprobouse que o 76,1% das entidades enquisadas considera que o Xacobeo tivo un impacto positivo ou moi positivo no sector cultural galego. Deste xeito, apréciase unha diferenza importante entre a porcentaxe de persoas entrevistadas que lle atribúen ao Xacobeo unha repercusión positiva no conxunto do sector cultural e as que perciben ese impacto na propia entidade (41,6 puntos porcentuais menos).

**Porcentaxe de entidades segundo a súa opinión sobre o impacto que tivo na súa actividade e no conxunto do sector cultural galego a celebración do Xacobeo 2021-2022**

		Moi negativo	Negativo	Ningún	Positivo	Moi positivo	Ns/Nc
Na entidade	Impacto observado en 2021	0,8	1,4	69,5	22,9	3,9	1,5
	Impacto previsto para 2022	0,1	2,0	63,6	24,6	4,5	5,3
	Impacto observado en 2022	0,6	1,8	61,0	29,0	5,5	2,1
No sector cultural	Impacto observado en 2022	0,6	2,3	14,3	62,1	14,0	6,7

Fonte: Elaboración propia

Se as anteriores categorías de resposta se analizan como puntuacións nunha escala do 1 ao 5, obtéñense uns valores medios que resumen as devanditas valoracións e facilitan a comparación. Deste xeito, estes valores mostran que o impacto do Xacobeo na propia entidade foi lixeiramente maior no ano 2022 que en 2021, polo que tamén se superan lixeiramente as expectativas que naquel momento se fixaron para 2022. Este indicador resumo permite observar tamén a notable diferenza entre o impacto do Xacobeo percibido no conxunto do sector cultural galego (3,93 puntos) e o recoñecido nas propias entidades (3,38).

**Valoración media do impacto que tivo a celebración do Xacobeo 2021-2022 na actividade das entidades e no conxunto do sector cultural galego (escala 1-5)**

		Media
Na entidade	Impacto observado en 2021	3,28
	Impacto previsto para 2022	3,33
	Impacto observado en 2022	3,38
No sector cultural	Impacto observado en 2022	3,93

Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica da entidade mostra que a puntuación que resume o impacto do Xacobeo 2021-2022 sobre as entidades consultadas rexistra en todos os segmentos valores por riba do 3,2. Os sectores que presentan maior impacto son o dos museos e actividades relacionadas co



patrimonio cultural (3,80), o das actividades das administracións públicas (3,54) e o do audiovisual (3,44), mentres que só baixan do 3,3 o da música (3,24), o das bibliotecas (3,29) e o do comercio de libros e publicacións periódicas (3,26).

Por tamaño do cadro de persoal, obsérvase que o impacto percibido sobre a propia entidade é maior naquelas de dez ou máis empregados/as (3,52).

En todos os segmentos de ambos os cruzamentos a puntuación do impacto no sector cultural é maior que a do impacto na propia entidade, e a primeira situouse mesmo por riba do 4 nalgúns dos sectores. Así, en función da actividade específica, volven ser os segmentos dos museos e actividades relacionadas co patrimonio (4,10) e o das actividades das administracións públicas (4,07) os que achegan un valor máis alto, aínda que tamén conceden unha puntuación arredor do 4 o das bibliotecas e arquivos (4,01) e os de educación cultural (3,99).

**Valoración media do impacto que tivo a celebración do Xacobeo 2021-2022 na actividade das entidades e no conxunto do sector cultural galego (escala 1-5)**


	Na actividade da entidade	No conxunto do sector cultural galego
<i>Actividade específica</i>		
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,36	3,93
Comercio de libros e publicacións periódicas	3,26	3,90
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	3,30	3,81
Audiovisual e actividades relacionadas	3,44	3,93
Artes visuais	3,34	3,95
Música	3,24	3,69
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	3,35	3,65
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	3,80	4,10
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	3,29	4,01
Educación cultural	3,38	3,99
Actividades das administracións públicas	3,54	4,07
Total	3,38	3,93

<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>		
Ningún, só persoal voluntario	3,23	3,86
1 ou 2 empregados/as	3,30	3,86
De 3 a 5 empregados/as	3,46	3,95
De 6 a 10 empregados/as	3,34	3,97
Máis de 10 empregados/as	3,52	4,04
Ns/Nc	3,29	3,89
Total	3,38	3,93

Fonte: Elaboración propia

Na liña da información recollida sobre o impacto do Xacobeo na propia entidade, ao preguntarlles sobre o grao de satisfacción das expectativas xeradas con respecto ao impacto do Ano Santo sobre a propia entidade, púidose comprobar que o sector cultural se mostra bastante dividido neste punto. Un 44,9% afirma que os efectos do Xacobeo na súa entidade satisfizo as súas expectativas e un 3,7% apunta que mesmo se viron superadas, polo que se pode afirmar que un 48,6% das entidades manifesta a súa satisfacción ao respecto. Porén, non se pode obviar que a porcentaxe das entidades que non viron logradas as súas expectativas é tamén moi relevante, xa que acada un 39,6%. Como se verá a continuación, o grao de satisfacción das expectativas sobre o impacto do Xacobeo na actividade da entidade varía moito en función dos distintos segmentos do cruzamento por actividade específica.

**Porcentaxe de entidades segundo o seu grao de satisfacción coas expectativas que tiñan sobre o impacto do Xacobeo**



Fonte: Elaboración propia

Na maioría dos subsectores determinados pola actividade específica predomina a resposta positiva, é dicir, a agregación das dúas categorías que afirman a satisfacción das expectativas e a superación destas. Os segmentos máis destacados nesa resposta positiva son os das entidades dedicadas aos museos e actividades relacionadas co patrimonio (61,9%), ás artes visuais (55,8%) e ao audiovisual (52,1%). Con todo, tamén se atopan segmentos en que é maioritaria a resposta negativa, é dicir, a que indica que esas expectativas non foron acadadas. Este é o caso das entidades dedicadas ás artes gráficas (61,2%), ao teatro, danza e espectáculos (54%) e á música (50%).

No cruzamento por tipo de entidade, a resposta positiva destaca no caso das empresas (52,2%, fronte a valores que non acadan o 45% nos demais segmentos). No caso dos profesionais autónomos a resposta maioritaria é a de signo negativo (47,2%).

A agregación das respostas positivas é maior canto maior é tamén a facturación ou orzamento da entidade: oscila entre o 41,3% do nivel máis baixo e o 56% do máis alto. Aínda así, neste cruzamento tamén se debe prestar atención a porcentaxes de resposta negativa moi relevantes (por riba do 34%). De feito, entre as entidades de menos de 50.000 euros de facturación ou orzamento o índice de incumprimento de expectativas (43,9%) supera o daquelas que as viron satisfeitas ou superadas (41,3%).

**Porcentaxe de entidades segundo o seu grao de satisfacción coas expectativas que tiñan sobre o impacto do Xacobeo**

	Non se acadaron as súas expectativas	Acadáronse as súas expectativas	Superáronse as súas expectativas	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	61,2	28,4	1,5	9,0
Comercio de libros e publicacións periódicas	38,8	44,7	3,5	12,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	38,3	42,1	0,9	18,7
Audiovisual e actividades relacionadas	35,1	45,7	6,4	12,8
Artes visuais	37,5	52,5	3,3	6,7
Música	50,0	37,0	2,2	10,9
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	54,0	35,6	2,3	8,0

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	29,4	52,4	9,5	8,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	28,7	35,6	6,9	28,7
Educación cultural	38,6	38,6	2,9	20,0
Actividades das administracións públicas	47,8	44,8	3,0	4,5
Total	39,6	44,9	3,7	11,8
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	37,8	49,1	3,1	10,0
Profesional autónomo	47,2	37,5	5,3	10,0
Administración pública	36,3	40,5	4,3	18,8
Entidade sen ánimo de lucro	42,0	40,9	3,7	13,3
Total	39,6	44,9	3,7	11,8
<i>Facturación en 2022</i>				
Menos de 50.000 €	43,9	37,2	4,1	14,8
De 50.000 € a 149.999 €	37,8	49,2	4,0	9,1
De 150.000 € a 499.999 €	37,6	49,8	5,2	7,4
500.000 € ou máis	34,3	55,5	0,5	9,6
Ns/Nc	39,1	30,5	0,8	29,6
Total	39,6	44,9	3,7	11,8


Fonte: Elaboración propia

As dificultades que a pandemia da COVID-19 provocou na celebración do Xacobeo 2021 motivou que, por primeira vez, este se ampliase ao longo de dous anos. Unha vez rematado este período bianual, e á vista dos impactos xerados, quíxose coñecer a opinión das entidades da cultura sobre a posibilidade de estender a experiencia no futuro, de modo que a programación cultural que acompaña o evento se inicie xa no ano anterior ao propio Ano Santo e se prolongue durante dous anos.

Esta idea resultarlle interesante ao 60,5% da mostra: o 34,3% considéraa bastante interesante e o 26,2% moi interesante. A porcentaxe de persoas que consideran que esta posibilidade é pouco ou nada interesante sitúase no 34,4%.



**Porcentaxe de entidades segundo a súa opinión sobre ata que punto consideran interesante que no futuro a programación cultural do Xacobeo abarque tanto o Ano Santo como o ano previo**



Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe agregada das persoas que consideran bastante ou moi interesante a posibilidade de estender a axenda cultural do Xacobeo ao ano precedente ao propio evento é maioritaria en todos os segmentos da análise por tipo de entidade, facturación e volume de persoal. A única excepción é a dos profesionais autónomos, entre os cales a diferenza entre os que observan un impacto positivo e negativo é mínima. Nos demais segmentos do cruzamento por tipo de entidade a resposta positiva supera o 60% e acada o 65,8% no caso das administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro.

Por volume de facturación ou orzamento, a menor porcentaxe de resposta favorable é a que achegan as entidades que non acadan os 50.000 euros (53,8%), mentres que a máis alta é a das que se sitúan no treito de entre 150.000 e 499.999 euros (69,1%).

En función do volume de persoal, percíbese un claro contraste entre a resposta favorable do 75,1% das entidades con máis de dez empregados/as e a do 51,7% das que só contan cun cadro de persoal de 1 ou 2 persoas.

**Porcentaxe de entidades segundo se consideran interesante que no futuro a programación cultural do Xacobeo abarque o Ano Santo e o ano previo**

	Nada interesante	Pouco interesante	Bastante interesante	Moi interesante	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	17,2	16,3	31,4	30,4	4,8
Profesional autónomo	32,1	14,8	35,5	11,6	6,0
Administración pública	15,2	15,9	39,5	26,3	3,2
Entidade sen ánimo de lucro	13,8	13,1	39,1	26,3	7,6
Total	18,8	15,6	34,3	26,2	5,1
<i>Facturación en 2022</i>					
Menos de 50.000 €	20,8	18,8	33,3	20,5	6,6
De 50.000 € a 149.999 €	20,8	10,8	37,4	26,7	4,3
De 150.000 € a 499.999 €	14,9	11,5	38,8	30,3	4,4
500.000 € ou máis	11,5	23,1	27,1	36,6	1,7
Ns/Nc	26,8	19,3	19,4	24,1	10,4
Total	18,8	15,6	34,3	26,2	5,1
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2022</i>					
Ningún, só persoal voluntario	14,8	11,2	33,6	25,5	14,9
1 ou 2 empregados/as	25,3	18,3	31,8	19,9	4,7
De 3 a 5 empregados/as	13,5	13,3	36,5	29,0	7,6
De 6 a 10 empregados/as	15,9	17,3	33,3	30,0	3,5
Máis de 10 empregados/as	11,3	12,1	37,8	37,3	1,5
Ns/Nc	21,4	10,2	38,2	18,4	11,8
Total	18,8	15,6	34,3	26,2	5,1

Fonte: Elaboración propia

Unha vez finalizado este atípico Ano Santo que se estendeu ao longo de dous anos, quíxose saber que aspectos identifican as entidades do sector cultural galego como fortalezas e debilidades da xestión deste Xacobeo, información que se considera útil de cara a vindeiras edicións. Para iso empregáronse dúas variables de tipo aberto, é dicir, con resposta espontánea por parte das persoas entrevistadas, cuxos enunciados literais foron despois recodificados en enunciados específicos para o seu tratamento estatístico. Como acontece habitualmente coas preguntas que solicitan unha resposta espontánea, é dicir, sen ofrecer unha listaxe de posibles alternativas, a porcentaxe de respostas «Ns/Nc» resulta elevada. Neste caso, un 39,8% da mostra non soubo responder sobre as fortalezas deste Ano Xacobeo e un 49,3% sobre as debilidades.

En relación coas fortalezas, é dicir, os aspectos que na opinión das persoas entrevistadas conviría repetir no futuro, a enquisa recolle tres categorías con porcentaxes de resposta por riba do 10%: a máis sinalada é a que destaca o éxito da programación musical, con especial referencia aos festivais (12,5%); a segunda é a da visibilidade ou promoción de Galicia e

da cultura galega, tanto no ámbito nacional como no internacional (11,9%), e en terceiro lugar sitúase a cantidade e variedade da programación cultural (10,7%). Xa por debaixo do 10%, pero tamén cunha porcentaxe de mención destacada, sitúase o incremento do investimento en cultura que supuxo o Xacobeo (9,7%).

Tras estes catro principais puntos fortes, logran porcentaxes de mención, cando menos por riba do 4%, outros aspectos como o investimento en publicidade e presenza en medios de comunicación (8,8%) e a promoción turística ou capacidade de atracción de visitantes a Galicia (7,2%), así como a xestión, promoción e mantemento dos diversos Camiños de Santiago e a descentralización da oferta cultural polo conxunto de Galicia (4,7% en ambos os casos). As demais categorías de resposta fican por debaixo do 3%.

**Principais puntos fortes do Xacobeo 2021-2022 en relación coa cultura (resposta múltiple)**

	Porcentaxe
A programación musical, os festivais	12,5
A visibilidade/promoción de Galicia e da cultura galega nos ámbitos nacional e internacional	11,9
A cantidade e variedade da programación cultural	10,7
O incremento do investimento en cultura (axudas, subvencións, apoio institucional etc.)	9,7
A difusión mediante investimentos en publicidade e presenza en medios de comunicación	8,8
A promoción turística e a capacidade de atracción de visitantes a Galicia	7,2
A xestión, promoción e mantemento dos Camiños de Santiago	4,7
A descentralización da oferta cultural, a programación por toda Galicia	4,7
A maior carga de traballo para o sector	2,6
O coidado e a recuperación do patrimonio cultural	1,8
O impacto económico positivo que axudou á recuperación do sector tras a pandemia	1,3
As exposicións	1,2
A presenza de artistas de nivel internacional	0,6
Outras respostas	9,2
Ns/Nc	39,8

Fonte: Elaboración propia

En canto aos puntos débiles do Xacobeo, de acordo coas opinións do sector cultural galego, un primeiro dato que cómpre sinalar é que o 49,3% non soubo ou non quixo responder a esta cuestión, porcentaxe moi elevada, mesmo tendo en conta a magnitude habitual da falta de contestación nas variables de resposta espontánea. A esta porcentaxe podería engadírselle o 3,5% de quen sinalou de forma expresa que non atopa ningún punto débil.

En referencia ás respostas que si sinalan debilidades, a máis habitual, subscrita por un 9,3% da mostra, é a que apunta á masificación turística ou ao feito de que o Xacobeo atrae un turismo de cantidade pero de mala calidade que non gasta en cultura.

A segunda categoría con maior valor porcentual (7,2%) é a que recolle as respostas das persoas que sinalaron unha cantidade excesiva de artistas non galegos na programación, é dicir, a percepción de que na planificación destes eventos non se lle deu prioridade á cultura galega, senón a artistas foráneos. Por este motivo, consideran que recibiron máis apoio as manifestacións culturais doutros territorios que as de creadores galegos.

En terceiro lugar, un 5,6% da mostra achegou respostas cuxo nexos común é a crítica á programación desenvolta durante o Xacobeo pola pouca variedade, calidade ou idoneidade dos eventos.

Xa por debaixo do 5% sitúanse as mencións a críticas que describen unha excesiva concentración da oferta cultural en Santiago e en poucos municipios máis (4,6%), un exceso de focalización nalgúns ámbitos específicos da cultura pero esquecendo outros (3,9%), eivas nos procesos de contratación e concesión de axudas e subvencións (3,4%) e unha excesiva orientación cara ao turismo en detrimento da cultura (3,1%). As demais categorías de resposta foron subscritas por menos do 3% das persoas entrevistadas.

#### Principais puntos débiles do Xacobeo 2021-2022 (resposta múltiple)

	Porcentaxe
Masificación turística / turismo de mala calidade	9,3
Demasiado peso na programación de artistas non galegos, non se prioriza a oferta galega	7,2
Críticas á programación (variedade, calidade ou idoneidade)	5,6
Concentración da oferta cultural en poucos municipios (especialmente en Santiago)	4,6
Moi centrado só nalgúns ámbitos específicos da cultura esquecendo outros	3,9
Críticas aos procesos de contratación e concesión de axudas e subvencións (criterios de acceso, contías, burocracia, falta de transparencia etc.)	3,4
Excesiva orientación cara ao turismo en detrimento da cultura	3,1
Insuficiente ou desaxeitada promoción ou difusión	2,9
Falta de atención aos Camiños de Santiago: estado das rutas, sinalización, albergues etc.	2,3
Demasiado peso dos macroeventos	2,1
Problemas de planificación ou organización	2,1



Investimentos e axudas centrados en grandes empresas, sen ter en conta as pequenas	1,7
Mala xestión económica do Xacobeo (gasto excesivo, asignación arbitraria de recursos etc.)	1,6
Falta de continuidade no mantemento do investimento en cultura cando non é Ano Santo	1,5
Outros	9,5
Ningún	3,5
Ns/Nc	49,3

Fonte: Elaboración propia

## 8. Debilidades e fortalezas do sector cultural galego

Na anterior edición do *Barómetro da cultura galega* empregáronse variables de resposta aberta e espontánea, é dicir, que non indicaban posibles categorías de contestación, co fin de recoller a visión que as persoas responsables das entidades enquisadas tiñan, tanto sobre as principais dificultades ou puntos débiles do sector cultural en Galicia como sobre os seus principais puntos fortes ou factores positivos. Para a súa análise estatística, as respostas recollidas naquel momento foron recodificadas nunha serie de enunciados ou categorías.

Nesta edición eses enunciados foron empregados como base para a construción das categorías de resposta dunha variable que preguntaba sobre esta mesma cuestión, pero agora xa non de xeito aberto e espontáneo, senón mediante unha listaxe pechada de posibles respostas.

Este cambio metodolóxico de preguntas de resposta aberta ou espontánea a outras que ofrecen categorías definidas permite reducir, en termos xerais, a porcentaxe de preguntas non respondidas e incrementar a porcentaxe de mención das categorías válidas. Por iso, na análise das debilidades e fortalezas do sector cultural na actualidade non se realizará unha comparación cos datos da primeira edición, pois as variacións poden estar fortemente condicionadas polo cambio metodolóxico.

Ao xuízo das persoas enquisadas, os tres factores que destacan a día de hoxe como as principais debilidades do sector cultural galego son o insuficiente apoio institucional e a falta dunha política cultural axeitada (33,6%), a suba de prezos e a situación económica xeral (31,3%) e o reducido tamaño do mercado cultural galego e a escasa demanda dos seus produtos ou servizos (30,4%). Por debaixo do 30% de mencións sitúanse, en

cuarto lugar, o número insuficiente de subvencións e axudas ou os reducidos orzamentos para cultura (27,4%) e, en quinto lugar, as carencias na difusión e promoción publicitaria do sector (26,4%).

As demais respostas que obteñen porcentaxes por debaixo do 20% son, por exemplo, a paulatina redución de galegofalantes (19,7%), a oferta pouco orientada ao mercado estatal e internacional (19,1%), a falta de profesionalización do sector e a precariedade laboral (18,5%), a reducida oferta cultural en galego (16,4%) e a atomización empresarial como consecuencia do pequeno tamaño das empresas culturais (15,4%).

Tal como se indicou na introdución deste apartado, e dado o cambio metodolóxico aplicado a esta variable, se ben non se pode establecer unha comparación directa entre os datos da primeira edición e os desta, o certo é que o incremento dende o 5,8% ao 31,3% da resposta referida á suba de prezos e á situación económica xeral non pode atribuírse só á conversión dunha variable de resposta espontánea nunha pechada, senón que pode que estea directamente ligada á actual crise económica e ao incremento da inflación tras a invasión rusa de Ucraína, iniciada con posterioridade á finalización dos traballos de campo da primeira edición do *Barómetro*.

#### Principais debilidades do sector cultural en Galicia (resposta múltiple)

	Porcentaxe
A falta de apoio institucional e dunha política cultural axeitada	33,6
A suba de prezos e a situación económica xeral	31,3
O reducido tamaño do mercado cultural galego e unha escasa demanda	30,4
Poucas subvencións ou axudas e reducidos orzamentos para cultura	27,4
Carencias na difusión e promoción publicitaria do sector	26,4
A paulatina redución da porcentaxe de galegofalantes	19,7
Unha oferta pouco orientada ao mercado estatal e internacional	19,1
Un sector pouco profesionalizado e con certo grao de precariedade laboral	18,5
A reducida oferta cultural en galego (pouca programación)	16,4
A atomización empresarial como consecuencia do pequeno tamaño das empresas culturais	15,4
Outras respostas	3,8
Ns/Nc	4,1

Fonte: Elaboración propia

A demanda de máis apoio institucional é especialmente formulada polos profesionais autónomos (44,3%) e polas entidades sen ánimo de lucro (39,3%), en especial contraste coas empresas (28,5%).

Os autónomos son tamén os que en maior medida sinalan a situación económica e a suba de prezos como debilidade do sector (39,2%),

.....

fronte a valores de arredor do 31% de empresas e administracións públicas e en especial contraste co 22,3% das entidades sen ánimo de lucro, que son as que en menor medida citan este problema.

**Principais debilidades do sector cultural en Galicia, segundo o tipo de entidade (resposta múltiple)**

	Empresa	Profesional autónomo	Administración pública	Entidade sen ánimo de lucro	Total
A falta de apoio institucional e dunha política cultural axeitada	28,5	44,3	36,1	39,3	33,6
A suba de prezos e a situación económica xeral	31,5	39,2	30,6	22,3	31,3
O reducido tamaño do mercado cultural galego e unha escasa demanda	32,5	24,3	27,1	32,7	30,4
Poucas subvencións ou axudas e reducidos orzamentos para cultura	22,1	22,3	34,4	47,5	27,4
Carencias na difusión e promoción publicitaria do sector	25,1	32,8	26,7	24,0	26,4
A paulatina redución da porcentaxe de galegofalantes	21,4	16,6	17,3	18,9	19,7
Unha oferta pouco orientada ao mercado estatal e internacional	17,8	19,0	21,6	21,9	19,1
Un sector pouco profesionalizado e con certo grao de precariedade laboral	15,0	26,8	24,1	17,2	18,5
A reducida oferta cultural en galego (pouca programación)	20,5	7,3	10,0	16,7	16,4
A atomización empresarial como consecuencia do pequeno tamaño das empresas culturais	15,5	15,6	16,4	13,1	15,4
Outras respostas	4,6	5,5	1,4	1,0	3,8
Ns/Nc	5,4	2,7	2,8	1,6	4,1

Fonte: Elaboración propia

No cruzamento dos datos pola variable de facturación ou orzamento, o segmento que máis sinala a situación económica e a inflación é o das entidades que se sitúan entre os 50.000 e os 149.999 euros (38,2%), fronte ao segmento das de 150.000 a 499.999 euros, no que a mención a tal problema fica no 23,5%.



**Principais debilidades do sector cultural en Galicia, segundo a facturación/orzamento da entidade (resposta múltiple)**

	Menos de 50.000 €	De 50.000 € a 149.999 €	De 150.000 € a 499.999 €	500.000 € ou máis	Ns/Nc	Total
A falta de apoio institucional e dunha política cultural axeitada	34,7	34,7	31,1	30,9	37,2	33,6
A suba de prezos e a situación económica xeral	31,3	38,2	23,5	27	38,5	31,3
O reducido tamaño do mercado cultural galego e unha escasa demanda	28,1	30	35,9	30,8	23,2	30,4
Poucas subvencións ou axudas e reducidos orzamentos para cultura	31,8	24,5	27,3	20,1	28,7	27,4
Carencias na difusión e promoción publicitaria do sector	28,5	25,6	21,3	32,8	23,6	26,4
A paulatina redución da porcentaxe de galegofalantes	17,6	20	24,6	19,2	12,5	19,7
Unha oferta pouco orientada ao mercado estatal e internacional	20,6	19,9	17,5	18,6	12,2	19,1
Un sector pouco profesionalizado e con certo grao de precariedade laboral	22,5	13,3	16,3	18,3	29,1	18,5
A reducida oferta cultural en galego (pouca programación)	15,2	14,4	14,8	27,3	17,3	16,4
A atomización empresarial como consecuencia do pequeno tamaño das empresas culturais	12,3	17,5	15,1	23,6	8,1	15,4
Outras respostas	3,9	5,1	2,9	2,5	2,9	3,8
Ns/Nc	4,2	2,5	5,2	4,3	6,6	4,1

Fonte: Elaboración propia

En canto aos aspectos positivos, sete de cada dez persoas enquisadas concordan en sinalar o talento e a creatividade dos e das profesionais do sector cultural galego como o principal punto forte (70,3%). Tamén con porcentaxes moi elevadas, o segundo aspecto positivo máis citado é a riqueza do patrimonio cultural galego (61,7%). A moita distancia destas dúas principais respostas sitúanse, en terceiro lugar, a calidade da produción cultural galega (34,1%) e, en cuarta e quinta posición, o crecemento e proxección do sector audiovisual galego (21,7%) e a proxección de artistas galegos a nivel nacional e internacional (21,5%).

Entre as demais respostas, superan cando menos o 10% a variedade da produción cultural galega (14,1%) e a produción musical en galego (10,6%). Pechan a listaxe o apoio das administracións públicas (6,5%) e a elevada demanda de cultura en galego (subscrita polo 2,4% da mostra).

**Principais puntos fortes ou factores máis positivos do sector cultural en Galicia (resposta múltiple)**

	Porcentaxe
O talento e a creatividade dos e das profesionais do sector	70,3
A riqueza do patrimonio cultural galego	61,7
A calidade da produción cultural galega	34,1
O crecemento e a proxección do sector audiovisual galego	21,7
A proxección de artistas galegos a nivel nacional e internacional	21,5
A variedade da produción cultural galega	14,1
A produción musical en galego	10,6
O apoio das administracións públicas	6,5
A elevada demanda de cultura en galego	2,4
Outras respostas	1,8
Ns/Nc	2,7

Fonte: Elaboración propia

Por actividade específica, a porcentaxe da mostra que cita o talento e a creatividade dos e das profesionais como factor positivo do sector sitúase arredor do 80% nos segmentos do audiovisual, das artes visuais e das artes escénicas (80,5%) e só baixa do 60% no das artes gráficas (46,3%), no do comercio de libros e publicacións periódicas (50,6%) e no das bibliotecas e arquivos (52,9%).



**Principais fortalezas do sector cultural en Galicia, por segmento de actividade (resposta múltiple) (1)**

	Talento e creatividade dos profesionais	Riqueza do patrimonio cultural galego	Calidade da produción cultural	Crecedemento e proxección do sector audiovisual	Proxección de artistas galegos a nivel nacional e internacional
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	46,3	59,7	20,9	10,4	22,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	50,6	64,7	34,1	12,9	17,6
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	64,5	57,9	34,6	17,8	19,6
Audiovisual e actividades relacionadas	80,9	50,0	36,2	35,1	19,1
Artes visuais	80,8	65,0	30,8	25,0	26,7
Música	68,5	60,9	39,1	8,7	18,5
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	80,5	55,2	42,5	10,3	18,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	67,5	77,8	43,7	14,3	12,7
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	52,9	65,5	39,1	17,2	19,5
Educación cultural	64,3	64,3	32,9	21,4	22,9
Actividades das administracións públicas	65,7	62,7	47,8	25,4	13,4
Total	70,3	61,7	34,1	21,7	21,5

Fonte: Elaboración propia

**Principais fortalezas do sector cultural en Galicia, por segmento de actividade (resposta múltiple) (2)**

	Variedade da produción cultural galega	Produción musical en galego	Elevada demanda de cultura en galego	Apoio das administracións públicas	Outros	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>						
Artes gráficas e actividades relacionadas	10,4	6,0	3,0	6,0	0,0	10,4
Comercio de libros e publicacións periódicas	17,6	10,6	5,9	14,1	0,0	3,5
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	12,1	12,1	0,9	3,7	3,7	2,8
Audiovisual e actividades relacionadas	18,1	8,5	2,1	6,4	1,1	1,1
Artes visuais	10,8	10,8	1,7	3,3	1,7	2,5
Música	15,2	18,5	4,3	5,4	4,3	1,1
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	20,7	6,9	0,0	8,0	5,7	3,4
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	22,2	4,0	2,4	7,9	2,4	1,6

Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	11,5	12,6	3,4	11,5	1,1	6,9
Educación cultural	11,4	12,9	4,3	7,1	1,4	0,0
Actividades das administracións públicas	20,9	16,4	0,0	17,9	1,5	3,0
Total	14,1	10,6	2,4	6,5	1,8	2,7

Fonte: Elaboración propia

Por tipo de entidade, o talento e a creatividade dos profesionais é un punto forte especialmente citado polos autónomos (83,8%, fronte ao 60,6% do segmento da Administración pública).

**Principais fortalezas do sector cultural en Galicia nestes momentos, por tipo de entidade (resposta múltiple)**

	Empresa	Profesional autónomo	Administración pública	Entidade sen ánimo de lucro	Total
O talento e a creatividade dos profesionais do sector	70,3	83,8	60,6	65,6	70,3
A riqueza do patrimonio cultural galego	58,3	68,2	66,5	62,7	61,7
A calidade da produción cultural galega	31,6	34,2	40,2	37,7	34,1
O crecemento e a proxección do sector audiovisual galego	21,3	25,3	20,4	20,6	21,7
A proxección de artistas galegos a nivel nacional e internacional	22,9	17,2	21,0	20,9	21,5
A variedade da produción cultural galega	11,6	20,0	15,7	15,6	14,1
A produción musical en galego	10,5	13,8	10,8	6,8	10,6
A elevada demanda de cultura en galego	1,9	3,7	1,8	3,7	2,4
O apoio das administracións públicas	6,4	1,9	10,1	8,6	6,5
Outras respostas	1,5	1,0	0,6	5,2	1,8
Ns/Nc	3,5	1,7	2,6	1,0	2,7

Fonte: Elaboración propia

## 9. O equipo humano das entidades

A primeira cuestión que cómpre comentar na análise sobre o equipo humano das entidades do sector cultural galego é que a súa dimensión en canto ao número de traballadores/as xa foi tratada no primeiro capítulo deste informe, ao abordar a descrición da mostra de estudo. A grandes trazos, pódese lembrar aquí que o 43,8% das entidades conta só con 1 ou 2 traballadores/as, mentres que o 17,2% ten máis de 10.

Neste capítulo abórdanse outros aspectos relacionados co persoal das entidades, como o grao de dificultade para atraer a profesionais ao sector, a capacidade da oferta formativa en Galicia para satisfacer as demandas das entidades culturais ou a composición por sexos dos cadros de persoal.

Ao igual que no anterior *Barómetro*, o universo de estudo móstrase bastante dividido ante a cuestión relativa ao grao de dificultade para atopar profesionais para o sector. Un 53% das persoas enquisadas considera que á súa organización lle resulta bastante ou moi difícil atopar profesionais co perfil axeitado, mentres que un 40,6% considera que pode cubrir as súas vacantes de persoal de xeito moi ou bastante doado.


**Porcentaxe de entidades segundo o grao de dificultade que teñen á hora de atopar profesionais para os postos que requiren**

	2021	2022
Moi doado	7,0	6,5
Bastante doado	30,8	34,1
Bastante difícil	33,8	36,9
Moi difícil	15,2	16,1
Ns/Nc	13,3	6,4

Fonte: Elaboración propia

A análise das respostas nominais como valores nunha escala de dificultade do 1 (moi doado) ao 4 (moi difícil) sitúa a dificultade actual para atopar profesionais axeitados no 2,67, valor practicamente idéntico ao recollido na pasada edición do estudo (con só unha centésima de variación) e que se inclina claramente cara á vertente que indica dificultade á hora de atopar persoal cualificado para as entidades do sector cultural galego.

**Valoración media do grao de dificultade que teñen as entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (escala 1-4)**



Fonte: Elaboración propia



Esta puntuación media facilita a comparación na análise segmentada e permite apreciar notables diferenzas entre os distintos segmentos, especialmente en relación coa actividade específica. Neste sentido, un primeiro dato que habería que destacar é que todos os sectores presentan cifras medias por riba do 2,3 e se sitúan, polo tanto, en posicións de certa dificultade. En todo caso, por actividade específica, son as entidades dedicadas ás artes gráficas (3,05) e á música (2,96) as que identifican maiores dificultades para atopar profesionais para os seus postos, mentres que as que se dedican ás actividades das administracións públicas e as bibliotecas e arquivos son as que presentan menor grao de dificultade (2,40 e 2,32, respectivamente). Nestes casos cómpre ter en conta que están en boa medida condicionados por procesos regrados de contratación pública.

Segundo o tipo de entidade, son as empresas as que identifican un maior grao de dificultade (2,83, fronte ao 2,31 dos profesionais autónomos). Esas dificultades son maiores canto máis elevada é a facturación ou orzamento da entidade: as puntuacións medias van do 2,42 entre as que non chegan aos 50.000 euros ao 2,96 das que acadan ou superan os 500.000 euros.

**Valoración media do grao de dificultade que teñen as entidades á hora de atopar profesionais para os postos que requiren (escala 1-4)**

	Puntuación media
<i>Actividade específica</i>	
Artes gráficas e actividades relacionadas	3,05
Comercio de libros e publicacións periódicas	2,68
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	2,57
Audiovisual e actividades relacionadas	2,66
Artes visuais	2,68
Música	2,96
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	2,70
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	2,56
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	2,32
Educación cultural	2,66
Actividades das administracións públicas	2,40
Total	2,67
<i>Tipo de entidade</i>	
Empresa	2,83
Profesional autónomo	2,31
Administración pública	2,53
Entidade sen ánimo de lucro	2,51
Total	2,67

<i>Facturación en 2022</i>	
Menos de 50.000 €	2,42
De 50.000 € a 149.999 €	2,72
De 150.000 € a 499.999 €	2,87
500.000 € ou máis	2,96
Ns/Nc	2,51
Total	2,67

Fonte: Elaboración propia

Dado que o grao de dificultade para atopar profesionais dun sector pode estar ligado á ausencia de formación nese ámbito, na presente edición do *Barómetro* quíxose indagar sobre a percepción que teñen as entidades culturais galegas sobre a oferta formativa en Galicia. Para coñecer ata que punto a oferta formativa existente é suficiente para instruír os profesionais das entidades culturais galegas ou ata que punto é preciso formarse ou completar a formación fóra da comunidade para dispor das habilidades requiridas polo sector, someteuse ao xuízo das persoas entrevistadas unha afirmación para a que se pedía a expresión do grao de acordo.

Ao igual que no anterior, tamén neste indicador se volveu atopar unha notable división entre as entidades culturais galegas, pois, se ben un 50,2% se mostra bastante ou moi de acordo coa frase que afirma que a oferta formativa galega é suficiente para chegar a ser un bo profesional do seu ámbito específico, a porcentaxe de persoas que manifestan o seu desacordo coa afirmación acada un 45,8% da mostra.

Como se verá a continuación, esta disparidade de opinións está condicionada en boa medida pola actividade específica.

**Entidades segundo o seu grao de acordo coa afirmación: «Para chegar a ser un bo profesional no seu ámbito hai suficiente oferta formativa en Galicia»**

	Porcentaxe
Nada de acordo	16,1
Pouco de acordo	29,7
Bastante de acordo	42,9
Moi de acordo	7,3
Ns/Nc	4,0

Fonte: Elaboración propia

A análise segmentada pon de manifesto a disparidade entre unhas entidades e outras en función da actividade á que se dedican. O segmento que en maior medida se decanta polo desacordo con esta afirmación é o das artes gráficas (70,2%). Esta valoración negativa da conveniencia da oferta formativa é tamén maioritaria no segmento das entidades dedicadas ao teatro,

danza e artes escénicas (65,5%), ás bibliotecas e arquivos (58,6%) e á música (56,5%).

Entre os segmentos que mostran un apoio maioritario á idea de que a oferta formativa galega é suficiente para ser un bo profesional do seu sector, cabe citar o do audiovisual (58,5%), o da edición de libros e publicacións periódicas (55,1%), o das artes visuais (54,2%), o dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural (54,2%) e o das artes visuais (54,2%), se ben incluso nestes segmentos se atopan porcentaxes de resposta negativa tamén relativamente elevadas, sempre por riba do 36%.

**Porcentaxe de entidades segundo o seu grao de acordo coa afirmación: «Para chegar a ser un bo profesional no seu ámbito hai suficiente oferta formativa en Galicia», segundo o tipo de actividade**


	Nada de acordo	Pouco de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	25,4	44,8	22,4	6,0	1,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	24,7	20,0	42,4	7,1	5,9
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	10,3	29,0	43,9	11,2	5,6
Audiovisual e actividades relacionadas	13,8	22,3	53,2	5,3	5,3
Artes visuais	18,3	25,8	48,3	5,8	1,7
Música	21,7	34,8	33,7	1,1	8,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	28,7	36,8	25,3	6,9	2,3
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	7,1	32,5	39,7	13,5	7,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	11,5	47,1	34,5	3,4	3,4
Educación cultural	10,0	35,7	38,6	12,9	2,9
Actividades das administracións públicas	4,5	40,3	37,3	7,5	10,4
Total	16,1	29,7	42,9	7,3	4,0

Fonte: Elaboración propia

En canto á distribución por sexo, case unha de cada tres entidades da cultura galega enquisadas (32,7%) conta cun cadro de persoal con certo equilibrio entre homes e mulleres, porcentaxe que cae 5,6 puntos dende o pasado ano, ao tempo que se incrementaron as que só están formadas por un dos sexos (7,6 puntos máis no caso dos homes e 5,4 máis no das mulleres).

Parte do incremento das entidades con persoal dun só sexo vese ben explicado polo reforzo da mostra desta edición coa incorporación dun maior número de profesionais autónomos (moitos sen máis persoal que eles/as mesmos/as). En calquera caso, o 32,3% das entidades enquisadas ten só homes ou máis homes que mulleres no seu cadro de persoal, mentres que o 31,9% conta só con mulleres ou máis mulleres que homes, polo que tamén por esta vía se constata un certo equilibrio.

**Porcentaxe de entidades segundo a composición dos seus cadros de persoal, por sexo (2021-2022)**



Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica permite identificar uns subsectores claramente masculinizados e outros en que predomina a presenza feminina. Entre os segmentos con maior presenza de mulleres nos seus cadros de persoal destacan os dedicados ás actividades das administracións públicas (59,7%), ás bibliotecas e arquivos (58,6%) e ao comercio de libros e publicacións periódicas (47%). Pola contra, contan con maior presenza masculina os segmentos das artes gráficas (56,7%) e da música (49%).

**Porcentaxe de entidades segundo a composición dos seus cadros de persoal, por sexo e actividade específica**

	Só homes	Sobre todo homes	Equilibrio entre homes e mulleres	Sobre todo mulleres	Só mulleres	Ns/Nc
Artes gráficas e actividades relacionadas	23,9	32,8	25,4	13,4	3,0	1,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	18,8	8,2	24,7	17,6	29,4	1,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	21,5	8,4	22,4	15,9	28,0	3,7
Audiovisual e actividades relacionadas	21,3	11,7	48,9	9,6	5,3	3,2
Artes visuais	30,8	6,7	30,0	14,2	16,7	1,7
Música	28,3	20,7	23,9	9,8	7,6	9,8
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	16,1	17,2	34,5	18,4	8,0	5,7
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	13,5	8,7	27,8	29,4	10,3	10,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	14,9	6,9	16,1	24,1	34,5	3,4
Educación cultural	1,4	15,7	50,0	28,6	1,4	2,9
Actividades das administracións públicas	4,5	4,5	25,4	34,3	25,4	6,0
<b>Total</b>	<b>21,1</b>	<b>11,2</b>	<b>32,7</b>	<b>17,2</b>	<b>14,7</b>	<b>3,3</b>

Fonte: Elaboración propia

Segundo o tipo de entidade, a presenza de mulleres entre o persoal é maioritaria no caso das administracións públicas: no 45% predominan as mulleres e só no 15,6% os homes. No caso das empresas, o máis habitual é un certo equilibrio entre homes e mulleres (40,1%).

**Porcentaxe de entidades segundo a composición dos seus cadros de persoal, por sexo e tipo de entidade**

	Empresa	Profesional autónomo	Administración pública	Entidade sen ánimo de lucro	Total
Só homes	18,5	46,1	5,2	20,0	21,1
Sobre todo homes	12,9	2,9	10,4	14,7	11,2
Equilibrio entre homes e mulleres	40,1	5,4	34,8	31,1	32,7
Sobre todo mulleres	18,8	1,7	30,0	14,7	17,2
Só mulleres	8,2	44,0	15,0	6,8	14,7
Ns/Nc	1,6	0,0	4,5	12,5	3,3

Fonte: Elaboración propia

O predominio dos homes é menor canto maior é o treito de facturación ou orzamento observado (as porcentaxes van do 38,2% no tramo máis baixo ao 18,4% no máis alto), mentres que o equilibrio entre sexos segue a tendencia contraria (vai do 20,2% no máis baixo ao 47,6% no máis alto). Con estes datos, a presenza de máis homes que mulleres entre o persoal é maioritaria nos dous treitos máis baixos e o equilibrio predomina nos dous máis altos.

**Porcentaxe de entidades segundo a composición dos seus cadros de persoal, por sexo e treito de facturación/orzamento**

	Só homes	Sobre todo homes	Equilibrio entre homes e mulleres	Sobre todo mulleres	Só mulleres	Ns/Nc
Menos de 50.000 €	32,2	6,0	20,2	10,4	26,1	5,1
De 50.000 € a 149.999 €	22,9	12,4	32,5	17,5	13,1	1,5
De 150.000 € a 499.999 €	13,4	15,8	44,1	19,4	6,5	0,9
500.000 € ou máis	0,4	18,0	47,6	30,2	0,9	2,9
Ns/Nc	9,8	5,7	40,3	26,3	6,9	11,0
Total	21,1	11,2	32,7	17,2	14,7	3,3

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de entidades con certo equilibrio entre sexos é maior canto maior é tamén o volume de persoal: do 21,3% das que non contan con persoal asalariado ou o 23,9% das que só teñen unha ou dúas persoas empregadas chégase ao 54,3% das que teñen máis de dez.



**Porcentaxe de entidades segundo a composición dos seus cadros de persoal, por sexo e volume do cadro de persoal**

	Só homes	Sobre todo homes	Equilibrio entre homes e mulleres	Sobre todo mulleres	Só mulleres	Ns/Nc
Ningún, só persoal voluntario	0,0	7,7	21,3	5,9	0,0	65,1
1 ou 2 empregados/as	41,7	2,6	23,9	2,5	28,6	0,8
De 3 a 5 empregados/as	10,5	21,4	26,1	33,3	7,4	1,3
De 6 a 10 empregados/as	1,7	15,8	49,9	28,2	2,6	1,8
Máis de 10 empregados/as	0,0	17,1	54,3	26,8	0,8	1,0
Ns/Nc	6,7	7,8	32,6	19,2	0,0	33,7
Total	21,1	11,2	32,7	17,2	14,7	3,3

Fonte: Elaboración propia

## 10. Conclusións

O 52,5% das entidades culturais galegas tivo un ano 2022 mellor ou moito mellor que o anterior. Esta valoración é máis positiva que a visión que ten o persoal directivo sobre a evolución da cultura en xeral, do sector en que se insire a súa actividade e da economía no seu conxunto. É dicir, perciben que a súa empresa ou organización experimentou unha evolución máis positiva que o seu contorno. As entidades ás que lles foi mellor o ano 2022 foron os museos e actividades relacionadas co patrimonio, o audiovisual, a música e a educación cultural. Nun termo medio situaríanse as actividades das bibliotecas, teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas. Por debaixo da media sitúanse a edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas e as actividades das artes visuais (incluídas arquitectura, publicidade e deseño). Pechan a clasificación as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas e ás artes gráficas. Estas dúas últimas atópanse máis próximas a unha evolución neutra, é dicir, practicamente tiveron un ano igual que o anterior. O ano 2022 foi máis positivo para as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro que para as empresas, e tamén para as entidades máis grandes en termos de ingresos que para as pequenas.

En calquera caso, se se compara cos datos do *Barómetro* publicado o ano pasado, a expectativa para 2022 era mellor do que realmente pasou; é dicir, foi un bo ano, pero algo peor do agardado.



En canto ás perspectivas para 2023, hai certo pesimismo con respecto á economía en xeral, pero apréciase unha visión máis optimista para a cultura e, sobre todo, para cada unha das entidades entrevistadas. Podería dicirse que o persoal directivo confía en que as súas entidades se comporten relativamente ben nun ano 2023 con bastantes incertezas, xa que o 48,4% pensa que terá un ano aínda mellor que 2022. En calquera caso, cómpre sinalar que son expectativas peores que as que se tiñan hai exactamente un ano. Os organismos da Administración pública e as entidades sen ánimo de lucro móstranse máis optimistas que as empresas e profesionais autónomos.

Esta percepción xeral está determinada pola evolución dalgúns indicadores económicos. Por exemplo, o 47,1% das empresas e organismos que compoñen a mostra de estudo aumentou os seus ingresos. O incremento producido en 2022 foi superior ao rexistrado en 2021, pero inferior ao que se esperaba. As que máis se beneficiaron desta situación foron as empresas dedicadas á música, ao audiovisual e ao teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas. En canto ás expectativas para 2023, a maioría prevé estabilidade ou un aumento leve da facturación ou orzamento.

Este incremento dos ingresos está relacionado cun aumento da carga de traballo, dado que o 54,2% das entidades entrevistadas pon de manifesto que experimentou algún aumento na súa produción: para o 34,7% o aumento foi leve e para o 19,5%, significativo. Tamén garda relación co incremento da demanda observado polo 49,8% das persoas responsables das entidades da cultura. Ademais, as previsións para 2023 son tamén positivas: agardan mellores resultados as administracións públicas e os museos. Os valores máis baixos son para as entidades dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas.

Para o conxunto da actividade cultural houbo dous factores que condicionaron a evolución e que probablemente teñan unha incidencia que haberá que considerar no futuro, relacionados co incremento xeral dos custos de produción. O 49,5% das entidades experimentou un aumento dos seus custos laborais en 2022 e o 84,6% dos prezos dos aprovisionamentos, é dicir, das mercadorías e servizos necesarios para desenvolver a actividade. Estes últimos xa rexistraran incrementos importantes en anos anteriores e ademais foron maiores do que se predicía na anterior edición



do *Barómetro*. Espérase que tanto os custos laborais como os prezos sigan crescendo en 2023, pero en menor medida que en 2022.

Pese a estes importantes incrementos dos custos de produción, e quizais precisamente polo crecemento importante da demanda, o 50,9% das entidades da cultura foi capaz de manter os prezos dos produtos e servizos que ofrecen, se ben o 39,6% tivo que incrementalos. Para 2023 non se aprecian grandes diferenzas con respecto á evolución en 2022, pois o 49,9% prevé manter os prezos estables, fronte ao 41,5% que cre que terá que subilos. As entidades dedicadas á educación cultural son as que en menor medida incrementaron os prezos e tamén as que menos prevén subilos. As dedicadas ás artes gráficas e ao comercio de libros e publicacións periódicas son as que máis incrementaron e prevén seguir subindo o importe dos seus produtos.

O 52,6% das entidades realizou algún investimento ao longo de 2022, porcentaxe algo superior á das que os acometeran en 2021. No presente ano prevé seguir cos investimentos unha porcentaxe similar. Unha das facetas en que se concentra a aposta polo futuro é a dixitalización, nomeadamente na publicidade e a comunicación dixital (incluídas as redes sociais), desenvolva polo 66,9% das entidades enquisadas. O segundo concepto é a adquisición de equipamento técnico e software (53,5%), pero cunha tendencia decrecente. En cambio, a formación do persoal en materia de transformación dixital concentrou un menor esforzo, aínda que as expectativas para 2023 son positivas.

Todos os indicadores económicos inflúen na evolución do emprego na cultura. Malia que globalmente son máis as entidades que aumentaron o número de persoal empregado que as que o reduciron, o 68,9% experimentou unha situación de estabilidade, é dicir, nin aumentou nin reduciu o cadro de persoal. Segundo a actividade desenvolva, as entidades que tiveron unha evolución mellor do seu emprego foron as relacionadas co audiovisual, a música e as artes escénicas. En contraste, as artes gráficas tiveron unha evolución negativa neste aspecto. Para este ano 2023, o 73,8% das entidades non prevé cambios. Porén, é máis probable que aumente o cadro de persoal das empresas de maior tamaño en canto a facturación ou orzamento e das dedicadas a algunha das actividades que xa creceron en 2022, como o audiovisual, ás que agora tamén hai que engadir a edición de libros e publicacións periódicas.

.....

Para o 53% das organizacións resulta bastante ou moi difícil atopar profesionais co perfil axeitado, mentres que o 40,6% considera que é doado. A situación non variou con respecto ao ano pasado. As artes gráficas e mais a música e, en xeral, as entidades máis grandes atopan maiores dificultades para contratar profesionais.

En canto á variable do sexo das persoas empregadas, a situación é de certo equilibrio en conxunto, pese a que hai máis mulleres na Administración, nas bibliotecas e arquivos e no comercio de libros e publicacións periódicas. Pola contra, contan con maior presenza masculina os segmentos das artes gráficas e da música. Tamén tende a haber máis equilibrio canto maior é o cadro de persoal da entidade.

Outra dimensión estudada é a da internacionalización. O 25,5% das empresas e entidades do sector cultural realizou durante 2022 algunha acción dirixida a incrementar a súa produción no mercado internacional, 4,4 puntos máis que en 2021. As actividades empresariais que máis apostan por atraer público e clientela estranxeira son as relacionadas co audiovisual, a edición e o teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas.

En canto ás subvencións, durante 2022 un 43% das entidades enquisadas solicitou e obtivo algunha axuda, un 4,9% menos que en 2021. A metade das axudas foron por un importe de menos de 10.000 euros, pero as que recibiron axudas relativamente grandes, de máis de 30.000€, foron un 5% máis que en 2021. Mentres que case dous terzos das administracións públicas e das entidades sen ánimo de lucro recibiron axudas, as proporcións descenden no caso das empresas (36,6%) e, sobre todo, entre os profesionais autónomos (27,5%). Recibiron subvencións en maior medida as entidades máis grandes en termos de ingresos.

Mención á parte merecen os fondos europeos Next Generation, coñecidos por un 57,1% das persoas entrevistadas. Están máis informados sobre estes recursos os organismos da Administración, as empresas do audiovisual e da edición, así como as entidades con máis volume de negocio. A maioría pensa que estes fondos tiveron escasa influencia sobre o sector cultural, pero teñen expectativas algo máis optimistas, xa que a porcentaxe de entidades que cren que terán bastante ou moito impacto durante

2023 chega a un 33,6%, un 87,7% máis que o ano pasado. Esta actitude xeral está relacionada con que na práctica poucas entidades teñen contacto directo con este tipo de axudas: só un 12,1% chegou a obter unha axuda destes fondos.

Tamén se analizaron os bonos culturais ofrecidos polas administracións. O 9,3% das entidades da mostra adheriuse a estas iniciativas, principalmente as dedicadas ao comercio de libros e publicacións periódicas. A avaliación destas medidas é claramente positiva.

Pese ao anterior, todas as administracións públicas obteñen unha valoración negativa da súa xestión por parte do persoal directivo das entidades culturais. O Estado é o que leva a peor puntuación (3,42), seguido da Administración local (concellos e deputacións), que recibe un 4,41. A Xunta de Galicia é a que obtén a mellor puntuación (4,67), pero só aproban a súa xestión, ademais das entidades de carácter esencialmente público (bibliotecas, arquivos, museos etc.), as entidades dedicadas ao audiovisual e ás artes escénicas. Entre os segmentos máis críticos cos tres niveis atópanse os que peor ano tiveron, como as entidades vinculadas coas artes gráficas e co comercio de produtos culturais. Os autónomos tamén son especialmente negativos no seu xuízo. O que máis se lles pide ás administracións é que incrementen o gasto público en produtos e servizos culturais (59,5%, 2,4 puntos porcentuais máis que en 2021). Resulta relevante que a categoría que máis creceu entre as demandas formuladas para os distintos niveis de goberno é a flexibilización do mercado laboral.

Despois dun Xacobeo cunha duración temporal excepcionalmente longa, parecía pertinente solicitarlles ás entidades que integran o sector cultural galego unha avaliación deste evento. Malia que a maioría das persoas consultadas considera que o Xacobeo non produciu en 2022 ningún impacto na súa entidade, o 76,1% manifesta que tivo unha repercusión positiva ou moi positiva sobre o conxunto da cultura galega. Esta aparente contradición ten que ver con que, se ben o 48,6% das entidades está satisfeito co acontecido no Ano Santo, a porcentaxe das que non viron acadadas as súas expectativas ascende ao 39,6%. Están máis satisfeitas as persoas responsables de entidades relacionadas co patrimonio, coas artes visuais e co audiovisual. En contraste, para a maioría daquelas dedicadas ás artes gráficas, ao teatro, danza e espectáculos e á música, as expectativas non se chegaron a acadar.

.....

O 12,5% das persoas entrevistadas destaca como aspectos positivos do Xacobeo o éxito da programación musical, con especial referencia aos festivais. O seguinte punto forte é o da visibilidade ou promoción de Galicia e da cultura galega, tanto no ámbito nacional como no internacional (11,9%). Outras respostas poñen en valor a cantidade e variedade da programación cultural e o incremento do investimento en cultura que supuxo esta celebración. Ademais, cómpre sinalar que practicamente a metade da mostra non especificou ningún aspecto negativo concreto relacionado co Xacobeo. Para as persoas que si se mostraron críticas con este evento, destacan fundamentalmente dous grupos de respostas: o 9,3% sinala a existencia de masificación turística e dun turismo de mala calidade que non realiza gasto en cultura e o 7,2% di que na programación do Ano Santo non se lle deu prioridade á cultura galega, senón máis ben a artistas foráneos.

Por último, pediúselles ás persoas responsables das empresas e organizacións que sinalasen cales eran as principais debilidades e fortalezas da cultura galega. As eivas máis destacadas son o escaso apoio institucional e a falta dunha política cultural axeitada (33,6%), a suba de prezos e a situación económica xeral (31,3%) e o reducido tamaño do mercado cultural galego coa consecuente escasa demanda dos seus produtos ou servizos (30,4%). A solicitude de máis apoio institucional é especialmente frecuente entre os profesionais autónomos e as entidades sen ánimo de lucro.

Como elementos positivos, sete de cada dez persoas sinalan o talento e a creatividade dos e das profesionais do sector cultural galego como a principal fortaleza. O segundo aspecto positivo máis citado é a riqueza do patrimonio cultural galego (61,7%) e o terceiro, a calidade da produción cultural galega, aínda que cun consenso menor (34,1%). Entre algunhas entidades concretas como as relacionadas co audiovisual, as artes visuais e as artes escénicas, a porcentaxe que cita o talento e a creatividade como punto forte da cultura galega chega ata o 80%.